

MEMORIA ANUAL

CURSO ESCOLAR

2016-2017

CEIP EMILIA PARDO BAZÁN

INDICE
1.- Introducción
2.- Obxectivos xerais
2.1. Avaliación individualizada en 3º de primaria
2.2. Concreción anual do Plan de Introducción das TIC
2.3. Concreción anual do Plan Lector
2.3.1. Grao de cumprimento dos obxectivos
2.3.2. Dinamización da biblioteca escolar
2.3.3. Rutinas de lectura. Actividades sistemáticas
2.3.4. Itinerarios lectores
2.3.5. Actividades
2.3.6. Ler en familia
2.3.7. Avaliación
3.- Concreción do Proxecto de Dirección
4.- Memorias dos equipos docentes de nivel/ciclo
4.1. Educación Infantil
4.2. Primeiro e Segundo curso de primaria
4.3. Terceiro e Cuarto curso de primaria
4.4. Quinto e Sexto curso de primaria
5.- Equipo de Dinamización Lingüística
6.- Comisión de Coordinación Pedagóxica
7.- Departamento de Orientación
7.1. Memoria Aula Específica Educación Especial
8.- Comisión de Convivencia
9.- Biblioteca
9.1. Organización e xestión da biblioteca
9.2. Dinamización e promoción dos recursos.
9.3. Formación de usuarios e educación documental
9.4. Fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto Lector de centro
10.- Memoria da Comisión TIC
10.1. Obxectivos propostos na PXA.
10.2. Obxectivos non incluídos na PXA
10.3. Propostas de mellora
11.- Memoria EACE
11.1. Memoria das actividades de inglés
11.2. Memoria das Actividades Complementarias

11.3. Memoria do Horto Escolar
11.4. Memoria da Comisión de Teatro
12.- Memoria dos Servizos Complementarios
12.1. Transporte escolar
12.2. Servizo de Comedor Escolar, Programa Madrugadores e Actividades Extra-escolares
12.2.1. Servizo de Comedor Escolar e Madrugadores
12.2.2. Actividades Extra-escolares
12.2.2.1. Actividades deportivas do Concello
12.2.2.2. Actividades adicionais do curso 2016-2017
12.2.2.3. Eleccións ANPA 2017
13.- Situación das instalacións e equipamentos
13.1. Actuacións realizadas polo Concello
13.2. Actuacións realizadas pola Consellería de Cultura, Educación e O.U
13.3. Actuacións realizadas polo propio centro
14.- Libros de texto e material complementario
ANEXO I (LIBROS DE TEXTO)

1.- INTRODUCCIÓN

Finaliza o curso escolar 2016-2017, co inicio das obras de remodelación e acondicionamento da cuberta do edificio de educación primaria con cargo a fondos municipais. Esta obra virá a completarse á efectuada no primeiro trimestre do actual curso, na que a Unidade Técnica da Xefatura Territorial de Educación da Coruña procedeu a instalación dun sistema de fachada ventilada para evitar a caída de cascotes da estrutura anterior. Con esta nova fachada mudouse a cor vermella, característica do colexio, pola cor branca.

Ampliamos os nosos convenios de colaboración con outras institucións educativas tales como a "International School of Louisiana" para o alumnado de 2º EP.

O alumnado de 5º e 6º cursos de educación primaria participou no Proxecto E-Dixgal de libro dixital empregando a plataforma virtual de aprendizaxe EVA, que terá continuidade no vindeiro curso escolar.

O Proxecto Abalar continuou co seu desenvolvemento nas aulas de 5º e 6º curso de educación primaria como apoio tecnolóxico para o funcionamento do Proxecto E-Dixgal. A antigüidade dos ultraportátiles do alumnado encomeza a presentar problemas coa batería que precisa unha renovación deste equipamento. Os armarios de carga dos ultraportátiles tamén presentan fallos de conexión eléctrica nalgunha das súas tomas. Algúns videoproxectores precisan o cambio das lámpadas por ter esgotada a súa vida útil.

Por outra parte, grazas ao convenio de colaboración coa ONG Axuda en Acción, o alumnado de 5º e 6º de educación primaria traballou gratuitamente coa ferramenta dixital Smartick para o reforzo das matemáticas.

O alumnado de 5º curso de educación primaria participou no marco do Programa GEN10S nun proxecto de Axuda en Acción, coa colaboración de Google.org, cuxo obxectivo é educar en programación aos nenos e nenas no noso país para fomentar unha maior igualdade de oportunidades no aproveitamento da contorna dixital e reducir as barreiras socio económicas e de xénero.

Así mesmo o alumnado de 3º curso de educación primaria, grazas ao convenio de colaboración con Axuda en Acción, empregou o programa Glifing para mellora da comprensión lectora mediante un adestramento sistemático da lectura que se realiza mediante un programa informático de formato lúdico.

No actual curso escolar púxose en práctica o obradoiro "Danzarte" en 4º e 6º de primaria, que permitiu realizar máis actividade física e afondar no coñecemento e práctica das danzas do mundo. Froito do traballo realizado o curso anterior e o presente, o CEIP Emilia Pardo Bazán foi o colexio organizador do evento cultural "Xuntarte: xuntos pola

arte”, no que participaron 6 centros educativos públicos conmemorando o Día da Paz e a Non Violencia, con danzas, coros e interpretacións instrumentais.

Continuouse cos proxectos que achegaron ao noso alumnado ao mundo da natureza, tales como o Proxecto de Horto Escolar e Voz Natura.

Continuouse co Clube de Xadrez en colaboración con AGAX durante o primeiro trimestre, participando o alumnado nalgúns torneos nos que acadou premios.

Co éxito acadado en cursos anteriores no Certame de Teatro Escolar e Afeccionado “Candilejas Don Bosco”, participouse con 45 alumnos/as no XX Certame, coa adaptación da obra titulada “Trasnos e Zapateiros”, acadándose por quinto ano consecutivo, o primeiro premio na categoría infantil. Estes premios resaltaron o excelente traballo realizado por un grupo de mestres e mestras, que contaron coa colaboración da Comisión de Teatro, do persoal non docente do centro, de colaboradores externos ao centro e coa achega económica da ONG Axuda en Acción.

Así mesmo outros grupos de alumnos/as traballaron intensamente ao longo de todo o curso na realización de obras teatrais representadas no propio colexio para o resto de alumnado e tamén para as súas familias.

Mantivemos o compromiso de potenciar a lingua galega nas actividades diarias do centro escolar e participouse na convocatoria anual de Axudas do Fomento do Galego e na convocatoria de Proxectos de Innovación Educativa no marco do Plan Proxecta que pretendeu involucrar a toda a comunidade educativa dentro dun eixe común que ten como base a promoción da lingua galega, facendo fincapé en dous aspectos principais:

- Dignificar a consideración social da lingua galega, véndoa como un medio de comunicarse cos demais e empregándoa en diferentes ámbitos.
- Promover a normalización do uso da lingua galega entre os distintos membros da comunidade educativa.

Continuouse por segundo ano consecutivo co Proxecto “O meu amigo maior”, participando no apartado de Voluntariado Miúdo do Plan Proxecta que propúxose a interacción de nenos e nenas de idades moi diferenciadas:

- Últimos anos de Educación Infantil e últimos anos de Educación Primaria (4-5 anos e 11-12 anos) que remataban unhas etapas importantes e sinificativas no seu desenvolvemento o fin de Infantil e fin de Primaria.

A colaboración da ANPA púxose outra vez de manifesto coa subvención das actividades de teatro en lingua inglesa, das viaxes didácticas do alumnado máis desfavorecido e coa colaboración nas festas de magosto/entroido e organización da festa de fin de curso.

Aproveitouse o antigo edificio de educación infantil para a realización da totalidade das actividades extraescolares organizadas e xestionadas polo ANPA Milnen@s. As

actividades deportivas de iniciación ao deporte de equipo tiveron lugar no Polideportivo Municipal de Los Rosales como en cursos anteriores. A Biblioteca Escolar mantivo a súa apertura no horario de tarde cunha baixa asistencia do alumnado.

Continuamos coa colaboración coa Universidade da Coruña para a realización do Practicum II de Educación Infantil. Colaboramos co persoal investigador da Universidade da Coruña e Universidade de Santiago de Compostela nos seus Traballos de Fin de Grao, así coma con outros estudantes de mestrados doutras universidades españolas que solicitaron a colaboración da nosa comunidade educativa para facer estudos de caso.

Por último debemos facer mención especial ás problemáticas de convivencia entre iguais (alumnado), entre pais e nais de alumnado, entre pais/nais co profesorado.

Coa finalización do actual curso escolar 2016-2017, remata o mandato do actual equipo directivo. O director solicitou renovación de mandato sendo avaliado positivamente polo Claustro, Consello Escolar e Inspección Educativa. O novo equipo directivo estará formado polos mesmos membros, agás no posto de xefatura de estudos, que logo dunha década con dedicación ao cargo por parte de Don Horacio Vázquez Boedo deixa o seu posto. O novo equipo directivo estará integrado por:

- Director: Don José Manuel García Yanes
- Xefa de Estudos: Dona Concepción García Diéguez
- Secretario: Antonio Castiñeira Vázquez

2.- OBXECTIVOS XERAIS A CONSEGUIR NESTE CURSO

- Actualizar o Proxecto Educativo de Centro. (EN PROCESO)
- Actualizar o Plan de Acción Titorial. (EN PROCESO)
- Actualizar o Plan das Tecnoloxías da da Información e a Comunicación. (ACADADO)
- Incluír no proxecto educativo, nas programacións didácticas e na Programación Xeral Anual a idea da necesidade da lectura. (ACADADO)
- Potenciar o emprego de ferramentas dixitais para o reforzo das matemáticas e das habilidades lectoras. (ACADADO)
- Iniciar ao alumnado de 5º de primaria no campo da programación tecnolóxica asociada á educación en valores co Programa GEN10S. (ACADADO)
- Vivenciar a horta escolar como vínculo de unión entre todo o colexio. (ACADADO)
- Consolidar o proxecto de teatro coa creación dunha comisión específica que desenvolva as potencialidades expresivas e comunicativas do noso alumnado. (ACADADO)
- Constituír a Comisión de Auto-protección escolar e realizar novos simulacros de evacuación e/ou confinamento. (EN PROCESO)

2.1.- AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA EN 3º CURSO DE PRIMARIA

Na avaliación individualizada do alumnado de 3º curso de primaria realizada este curso escolar repetiuse o absentismo do alumnado motivado pola decisión dalgunhas familias de impedir a participación dos seus fillos na mesma como medida de protesta e rexeitamento deste tipo de probas. Cun elevado custe organizativo por parte do centro para crear as condicións idóneas de aplicación e corrección, as avaliacións individualizadas LOMCE en 3º fixéronse cun alto absentismo entre o alumnado, 56 %.

2.2.- CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TIC

A incorporación do alumnado de 5º de educación primaria ao Proxecto E-Dixgal sumouse ao traballo co libro dixital do alumnado de 6º curso iniciado o curso pasado e supuxo un paso adiante no aproveitamento dos recursos TIC do noso centro.

Os problemas co equipamento informático mantivéronse ao longo do 1º e 2º trimestres fundamentalmente derivados do emprego de ordenadores antigos con sistemas operativos Windows XP que non teñen actualización posible.

A presenza do virus de acceso directo en moitos dos ordenadores das salas de profesorado non puido evitarse na súa totalidade a pesares de adquirir 2 licencias de programas antivirus.

A posibilidade de presenza dun virus masivo a nivel mundial obrigou a instalación de parches de actualización dos equipos informáticos realizada a instancias da unidade de atención a centros (UAC), deu como resultado a imposibilidade de aplicarlos en varios dos ordenadores do centro, motivo polo cal a solución inmediata pasará pola instalación do sistema operativo Linux en tódolos equipos do centro, que contarán cunha versión similar a dos ordenadores Abalar. Esta migración a realizarán técnicos da UAC previa solicitude da dirección do centro.

2.3.- CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO

2.3.1.- GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS

Consideramos que os obxectivos programados no Plan Anual de Lectura cumpríronse en liñas xerais satisfactoriamente, aínda que hai outros que para acadalos necesitan máis tempo.

2.3.2.- DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR.

Ver Memoria da Biblioteca Escolar.

2.3.3.- RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES SISTEMÁTICAS

Dende o curso 2003-2004 levamos a cabo o “Programa de Lectura Silenciosa Sostida”. Co tempo fóronse introducindo nalgúns aulas certas modificacións,

como, por exemplo, a lectura colectiva no terceiro ciclo que combinan coa lectura individual e que van flexibilizando, enriquecendo e axustando o proxecto aos lectores.

2.3.4.- ITINERARIOS LECTORES

Seleccionáronse unha serie de títulos axeitados para cada nivel de idade, escollidos con criterios de calidade e en función dos obxectivos recollidos no Proxecto Lector. Son os seguintes:

Primeiro Curso:

- “Axente Riciños”. El Hematocrítico
- “Rata linda de Compostela”. Bernardino Graña

Segundo Curso:

- “O cociñeiro Martiño”. Iago López
- “A galiña azul”. Carlos Casares
- “Rata linda de Compostela”. Bernardino Graña
- “Un tren cargado de misterios”. Agustín Fernández Paz
- “Días de gatos”. Violeta Monreal

Terceiro Curso:

- “O avó de Pipa” Helena Villar
- “Pamela Panamá contra la bruja descalza” Violeta Monreal

Cuarto Curso:

- “Minimaladas”
- “Novas minimaladas”
- “Cámbiache o conto” Todas elas, obras de Pinto & Chinto
- “Los pieles rojas no quieren hacer el indio” de Fernando Almena en un grupo de cuarto.

Quinto e Sexto Cursos:

- “Alma y la isla” de Mónica Rodríguez
- “Bala perdida” de Manuel Rivas
- En inglés:
 - . “Pumpkins”, “London” e “New York” (5º)
 - . “Edinburgh”, “Great inventions”, e “Life in the desert” (6º)

2.3.5.- ACTIVIDADES

*** EDUCACIÓN INFANTIL**

Continuouse co Proxecto Lector.

Sesións diarias de lectura nas aulas, nas que se manexaron todo tipo de textos.

A principio de curso os alumnos de 4 e 5 anos asistiron a unha actuación do Contacontos Pablo Pablísimo.

Sesión de contacontos en inglés: “Jungle Fever” para o alumnado de 5 anos.

Actividades de dramatización e representación de poesías, contos e ditos populares.

Actividades de identificación das etiquetas dos diversos tipos de libros da B. E.

Achega ao texto xornalístico, a través do artigo “Unha escola” de Carlos Casares, con motivo do Día das Letras Galegas.

Conmemoración do Centenario de Gloria Fuertes: ilustracións de poesías e participación na mostra organizada pola B. E.

Uso de material multimedia e utilización das novas tecnoloxías na animación á lectura.

Elaboración de “Un libro viaxeiro de Galicia” nas unidades do 5º nivel, onde o alumnado coa colaboración da súa familia achegan información en forma de debuxos, fotos, textos explicativos,... sobre monumentos típicos, poetas, tradicións galegas, comidas, historias dos avós, etc.

Actividade en colaboración coas familias sobre as emocións a través do libro “O emocionario” nunha aula.

Colaboración coas familias: Ao principio de curso solicitouse a cada familia que aportase un conto para a biblioteca de aula, utilizándose logo estes contos para animación á lectura e como complemento ás actividades de aula.

O profesorado de apoio seguiu traballando o gusto pola literatura a través de actividades plásticas, o encerado dixital interactivo e a lectura de libros.

*** 1º e 2º CURSOS:**

Participación no P.L.S.S.

Visitas guiadas a B.E., especialmente a principios de curso, para coñecer ou volver lembrar seccións, funcionamento, ...

Presentacións aos alumnos en momentos puntuais de novidades de libros, textos diversos, ...

Narración de contos, poemas,... polos profesores ou alumnos.

Lectura diaria nas aulas de todo tipo de textos, unhas veces de xeito silencioso e individual e outras colectivamente.

Dramatización dalgunhas das lecturas leídas.

En 1º, lectura de dous libros :

- “Axente Riciños” de El Hematocrítico
- “Rata linda de Compostela” de Bernardino Graña.

En 2º, lectura de catro libros: tres en galego e dous en castelán:

“O cociñeiro Martiño” de Iago López

“A galiña azul” de Carlos Casares

“Rata linda de Compostela” de Bernardino Graña

“Un tren cargado de misterios” de Agustín Fernández Paz

“Días de gatos” de Violeta Monreal

Tamén léronse en 1º dúas antoloxías de textos diversos e en 2º tres.

Día de Rosalía: Participación neste día coa lectura de poesías da autora nas aulas.

Centenario de Gloria Fuertes: Lectura nas aulas das súas poesías e participación na mostra organizada pola B. E.

Asistencia á actividade de lectura de poemas de Gloria Fuertes levada a cabo polo alumnado de 5º na B. E.

Día do Libro: Lectura adaptada do 1º capítulo do Quijote co visionado na pizarra dixital da aventura dos muíños da serie de animación “Don Quijote de la Mancha”. Participación dun alumno por cada aula na lectura por megafonía deste 1º capítulo.

Día das Letras Galegas: Lecturas de textos e actividades sobre o autor deste ano, Carlos Casares.

Realización de actividades plásticas e literarias relacionados coas lecturas mencionadas e outras: Marcapáxinas, murais, actividades de escritura e plásticas.

Visita guiada á Biblioteca Municipal de Los Rosales por parte dos alumnos de 2º: Nesta visita que levaba por título “Xuizo ao lobo feroz” o tema central era o álbum ilustrado e a lectura de imaxes, dándolle protagonismo aos contos clásicos da literatura infantil.

Encontros con autores:

O alumnado de 1º, despois de ler o libro “Axente Riciños” mantivo un encontro literario co seu autor, El Hematocrítico.

O alumnado de 2ª mantivo tamén un encontro con Iago López, autor do conto “O cociñeiro Martiño”.

Sesión de contacontos en inglés para os alumnos de 2º: “Jungle fever”.

Asistencia a representacións teatrais:

“Jim e a illa do tesouro”

“Trasnos e zapateiros”

Colaboración das familias con achegas de contos, cómics,... para a biblioteca de aula.

*** 3º e 4º CURSOS:**

Participación no P.L.S.S.

En 3º, lectura de 2 libros:

- “O avó de Pipa” de Helena Villar

- “Pamela Panamá y la bruja descalza” de Violeta Monreal

En 4º, lectura de 3 libros:

“Minimaladas”

“Novas minimaladas”

“Cámbiache o conto” Os tres de Pinto & Chinto

“Los pieles rojas no quieren hacer el indio” de Fernando Almena (nun dos grupos).

Despois da lectura de todos estes libros realizáronse diversas actividades.

Sesión de contacontos en inglés para os alumnos de 4º: “Cinderella”.

Encontros con autores:

Tras as lecturas dos libros mencionados anteriormente, o alumnado de 4º participou nun encontro literario con Chinto.

Asistencia a representacións teatrais:

“Trasnos e zapateiros”.

*** 5º e 6º CURSOS:**

Participación no P.L.S.S.

Traballáronse todas as actividades propostas na P.X.A. para o Plan Anual de Lectura, que o Ciclo valora positivamente.

Combináronse nas diversas titorías distintas modalidades de lectura: dramatización, lectura colectiva, lectura silenciosa, recitación,...

Nalgunhas titorías a biblioteca de aula está informatizada e o propio alumnado é o encargado da súa xestión: rexistro, préstamos, devolución, lecturas recomendadas,...

Lectura en 5º e 6º dos libros:

- “Alma y la isla” de Mónica Rodríguez

- “Bala perdida” de Manuel Rivas

O alumnado de 6ºA tamén fixo a lectura colectiva das pezas de teatro “Se as avoas mandaran” e “Nadal solidario” para representalas despois diante dos seus compañeiros.

Tamén prepararon a lectura dramatizada de pequenas pezas de Gloria Fuertes para presentar ao alumnado de 1º e 2º.

Lecturas en inglés en 5º: “Pumpkins”, “London” e “New York”.

Lecturas en inglés en 6º: “Edinburgh”, “Life in the desert” e “Great inventions”.

Sesión de contacontos en inglés: “Cinderella”.

Encontros con autores:

Todo o alumnado de 5º e 6º mantivo un encontro literario cos escritores Mónica Rodríguez e Manuel Rivas.

Asistencia a representacións teatrais:

Trasnos e zapateiros

O alumnado de 5º e 6º acolleuse ao Programa Prensa-Escuela e leron o xornal nas aulas, desenvolvendo logo actividades relacionadas cos artigos lidos.

ACTIVIDADES XERAIS DA BIBLIOTECA ESCOLAR

Ver Memoria da Biblioteca.

2.3.6.- LER EN FAMILIA

Animouse ás familias (a través das reunións colectivas ou das titorías individuais) para que colaboraran na consecución do obxectivo de facer lectores pois a súa axuda é fundamental para o éxito desta empresa.

2.3.7.- AVALIACIÓN

En 1º e 2º curso a avaliación efectuada sobre o Plan Anual de Lectura é positiva. Atópanse algunhas dificultades ao principio do curso nos alumnos de 1º para centrarse nos 20 minutos da “Hora de Ler” pero logo se adaptan á dinámica.

En 3º e 4º estiman en xeral positiva a avaliación.

En 5º e 6º consideran a avaliación positiva. No caso dos alumnos non lectores observaron que prenden máis a atención nas lecturas colectivas e nos encontros con autores.

3.- LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN PARA ACADAR NO ACTUAL MANDATO DA DIRECCIÓN.

OBXECTIVO 1: *Afondar na implicación de todo o profesorado no desenvolvemento dos distintos Plans de Centro: Plan Lector, Plan Lingüístico, Plan TIC, Plan de Convivencia.*

Este obxectivo acadouse mediante a asignación por parte da Xefatura de Estudos, dun horario semanal específico de atención a cada un dos plans de centro, para cada coordinador/a coa correspondente liberación horaria segundo a dispoñibilidade do centro. Tamén contribuíron os restantes membros dos equipos e comisións nas súas horas de dinamización e tamén de coordinación didáctica dos luns pola tarde.

Debe reseñarse que no 3º trimestre houbo moitas reunións dos equipos docentes dalgúns dos ciclos, para abordar problemáticas asociadas coa convivencia, o que supuxo deixar nun segundo plano as tarefas previstas para o desenvolvemento dos distintos plans de centro.

OBXECTIVO 2: *Acadar unha mellor xestión dos recursos humanos e materiais para proporcionar unha oferta educativa ampla e axustada ás demandas sociais, unha educación de calidade acadando o máximo desenvolvemento posible das capacidades do alumnado e adaptada as súas necesidades.*

Para a consecución deste obxectivo a Xefatura de Estudos, en coordinación co Departamento de Orientación, asignou as mellores combinacións horarias posibles do profesorado, para acadar a máxima atención do alumnado, promovendo a realización de apoios nas aulas ou co alumnado que presentou maiores dificultades de aprendizaxe. Se

ben é fundamental mencionar as dificultades de atención ao alumnado con NEE e con NEAE pola insuficiencia de persoal especialista en Audición e Linguaxe, a pesares da máxima carga horaria do profesorado do Departamento de Orientación, situación discriminatoria respecto do resto do profesorado que dispuso dunha sesión semanal de libre disposición.

Esta insuficiencia de recursos de persoal de AL supuxo algunha reclamación ante a dirección do centro por parte dalgunha familia, por considerar que o seu fillo careceu desta axuda complementaria para mellorar as súas dificultades lectoras.

OBXECTIVO 3: *Afondar no fomento dunha educación para a igualdade e a coeducación evitando os comportamentos sexistas.*

Aos efectos da consecución deste obxectivo a Xefatura de Estudos asumiu a coordinación da Comisión de Convivencia. Por outra parte buscouse unha implicación máis directa da persoa encargada de coeducación, nomeada no seo do Consello Escolar, coa elaboración ou adquisición de recursos e estratexias didácticas no mundo da coeducación.

Con motivo do día 25 de novembro: “Día Internacional contra a violencia de xénero” realizouse unha pequena representación con carteis alusivos feita polo alumnado de 6ºA.

OBXECTIVO 4: *Afondar na dinamización dos órganos de goberno e coordinación docente.*

A participación do profesorado, dos pais e das nais, do persoal non docente e da representante municipal no seno do consello escolar fíxose con normalidade durante o curso escolar. Renovouse parcialmente o consello escolar mediante eleccións durante o 1º trimestre. Fixéronse un total de 6 reunións ordinarias e 1 extraordinaria.

Respecto do Claustro de Profesorado cabe mencionar que as sesións realizadas desenvolvéronse con normalidade para atender as necesidades de funcionamento do centro escolar. Fixéronse un total de 8 reunións ordinarias e 1 extraordinaria.

Os equipos e comisións constituídos no centro: Biblioteca, EACE, EDLG, Horto Escolar, Comisión de Teatro e TIC celebraron una media de 7-9 reunións ordinarias, nas que desenvolveron os obxectivos da PXA e outros temas relacionados co funcionamento do centro.

Os equipos docentes de nivel/ciclo reuníronse os luns polas tardes, seguindo o calendario establecido. Realizaron entre 6-7 reunións mensuais, segundo os diferentes

niveis/ciclos abordando os temas recollidos na PXA e outros temas relacionados co funcionamento do centro.

Realizáronse trimestralmente 3 sesións de avaliación do alumnado por cada un dos niveis e cursos, nas que participaron tódolos docentes do centro.

OBXECTIVO 5: *Revisar o Proxecto Educativo de Centro (PEC) e integrar nel todos os plans (Plan Lector, Plan Lingüístico, Plan TIC, Plan de Convivencia, Plan Xeral de Atención á Diversidade, Plan de Orientación e Acción Titorial) adaptándoos á lexislación vixente; así como, a introdución das Normas de Organización e Funcionamento (NOF) coas addendas aprobadas nos últimos cursos referidas ao reagrupamento do alumnado ao finalizar cada ciclo e a atención do alumnado nas entradas e saídas do centro escolar.*

Este obxectivo continúa a estar en proceso, se ben neste curso pasaranse a valoración polo claustro e o consello escolar as Normas de Organización e Funcionamento (NOF) así como o Plan TIC. Aos efectos de dar a coñecer tódolos protocolos existentes continuouse cun espazo propio para o profesorado na web do centro.

OBXECTIVO 6: *Continuar co traballo de coordinación internivelar e de etapas (infantil-primaria) unificando criterios metodolóxicos, a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica e os Equipos de Nivel e Ciclo.*

Este obxectivo estará sempre en proceso de consecución xa que a coordinación do profesorado é unha necesidade permanente neste centro debido ao elevado número de integrantes do Claustro de profesorado que estando distribuídos en dous edificios dificulta as comunicacións.

OBXECTIVO 7: *Elaborar o Plan de Auto-protección escolar. Establecendo os contactos necesarios cos responsables municipais e autonómicos dos servizos de emerxencias, unidade técnica de educación, e outros servizos que se precisen.*

O Plan de Autoprotección Escolar elaborado pola empresa Previnem o curso pasado non se aplicou o presente curso escolar: Se ben estaba previsto realizar un simulacro de evacuación no 3º trimestre do actual curso escolar, as problemáticas asociadas á convivencia obrigaron á dirección a unha atención prioritaria desta situación por riba doutras actuacións.

OBXECTIVO 8: *Continuar traballando a prol da lingua galega, participando naquelas convocatorias de actividades de innovación educativa que xurdan por parte dos diferentes entes oficiais.*

Neste eido continuouse coa participación do noso centro na convocatoria de Proxectos de Fomento da Lingua Galega, ao que este curso engadimos a participación no Plan Proxecta nos apartados de Proxecto de Innovación en dinamización lingüística e Voluntariado Miúdo: Móvete!

OBXECTIVO 9: *Solicitar das administracións públicas as melloras nas infraestruturas e os investimentos necesarios para a conservación das instalacións do colexio.*

Mantendo reunións periódicas coas administracións educativas e municipais para axilizar os trámites necesarios para a realización das obras necesarias que garantan un correcto funcionamento do centro escolar.

Neste eido fíxose no 1º trimestre do curso unha reclamación ante a Inspección Educativa e a Xefatura Territorial de Educación da Coruña sobre a necesaria e urxente actuación sobre a fachada do edificio de educación primaria para evitar a caída ao chan de cascotes e material vitrificado. A Unidade Técnica da Xefatura Territorial acordou a instalación dun sistema de fachada ventilada para resolver a problemática plantexada, efectuándose a obra durante os meses de outubro, novembro e decembro.

Por outra parte a instancias do actual equipo de goberno do Concello da Coruña tamén estaba prevista a reforma do tellado do edificio de educación primaria adxudicada a Empresa Prado Lameiro, S.L. para realizala no 1º trimestre do actual curso, pero debido a unha petición da citada empresa e previo acordo entre o centro e o Servizo Municipal de Educación trasladouse a execución do proxecto de reforma ata o período estival.

OBXECTIVO 10: *Estudar e valorar a posibilidade de participar en seccións bilingües*

Este obxectivo quedou anulado por carecer o centro de profesorado cos requisitos necesarios para a súa realización.

Neste obxectivo tentouse facer unha nova proposta didáctica mediante a presentación ante a Xefatura Territorial de Educación dun Proxecto de Auxiliar de Conversa en Lingua Inglesa, en colaboración coa ONG Axuda en Acción e ANPA Milnen@s, que inicialmente foi aprobado pola inspección educativa pero que finalmente foi suspendido por orde da Xefatura Territorial de Educación.

OBXECTIVO 11: *Continuar coa transformación do colexio nun centro dixital, tanto nos aspectos didácticos coma nos referidos ás canles de comunicación entre tódolos sectores da comunidade educativa.*

Continuouse traballando na resolución de incidencias no equipamento TIC do colexio, tanto do Proxecto Abalar coma do resto dos equipos, chegándose ao convencemento da necesidade de renovar os ordenadores das aulas e dependencias do centro, para adecualos ás demandas do profesorado. A contratación dunha empresa de mantemento informático fíxose buscando unha axilización na resolución de incidencias, se ben podemos sinalar que non resultou totalmente satisfactoria.

Por outra parte os dous roubos padecidos durante o período estival no que se viron prexudicadas as aulas do 1º andar de educación primaria coa perda de preto de 12 ordenadores portátiles, algúns deles totalmente novos, o funcionamento dos programas didácticos para o desenvolvemento curricular víronse notablemente afectados durante os primeiros meses do curso. Houbo que substituír os equipos roubados con ordenadores de sobremesa retirados de aulas e outras dependencias, así como grazas a doación de varios PCs de sobremesa realizada polo Centro Oceanográfico da Coruña. Esperamos adquirir novo equipamento informático con cargo á cantidade abonada pola Xefatura Territorial de Educación en concepto de pago da metade do equipamento roubado.

Co obxecto de favorecer a incorporación xeneralizada das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) no desenvolvemento da actividade educativa, participouse no Proxecto Educación Dixital E-Dixgal en 5º e 6º de primaria. O espazo Virtual de Aprendizaxe (EVA) aloxou os libros e outros materiais dixitais cos que o alumnado desenvolveu a totalidade do currículo.

Para favorecer a comunicación coas familias contratouse un sistema de mensaxería dixital (TokApp) que permite o envío de circulares a través dunha plataforma dixital ou ben de correo electrónico.

Grazas ao convenio de colaboración con Axuda en Acción o alumnado dispuxo gratuitamente das seguintes ferramentas informáticas:

- Smartick, reforzo das matemáticas en 5º e 6º de primaria.
- Scratch, elaboración de videoxogos no marco do Proxecto GEN10S en 5º de primaria.
- Glifing, método de adestramento da lectura en 3º de primaria.

4.- MEMORIAS DOS EQUIPOS DOCENTES DE NIVEL / CICLO

4.1.- EDUCACIÓN INFANTIL.

O curso 2016-2017 transcorreu con bastante normalidade no ciclo de Educación Infantil.

Dada a incomodidade que todas as mestras notamos o pasado curso co pouco espazo no noso patio, este curso quixemos poñer a proba un desdobre nos tempos de lecer. Así, os alumnos de 4 e 5 anos saíron ao patio de 11:30 a 11:55 e os de 3 anos o fixeron de 11:55 a 12:20. Isto permitiu, en primeiro lugar, máis comodidade para os nenos, pero tamén, que as terceiras e cuartas sesións deixaron de verse afectadas polas

merendas, xa que estas tamén se fixeron sempre á mesma hora, os de 3 anos ás 11:30 e os de 4 e 5 ás 11:55.

De todas maneiras, non deixamos de notar a escaseza de posibilidades de xogo no patio. Por non ter elementos naturais cos que poder interactuar e só dispor de uns poucos columpios (que en ocasión só dan lugar a conflitos), moitos dos nenos optan case sempre por xogos relacionados coas carreiras e as pelexas, o que ocasionou en máis dunha ocasión algún problema.

Por este motivo, seguimos valorando posibilidades de mellora, como poderían ser pintar ou colocar algún xogo nas paredes, decorar con pintura válida para xiz ou similares.

Este curso non tivemos xa grandes problemas coa calefacción e contamos cunha temperatura axeitada todo o inverno.

O primeiro día lectivo contamos co Contacontos Pablo Pablísimo, que fixo unha actuación para o alumnado de 4 e 5 anos.

Os horarios de gardas de patio e transporte funcionaron dende o primeiro día con normalidade, xa que contamos co mesmo número de profesoras que o pasado curso: as nove titoras, as tres profesoras de apoio, as profesoras de inglés, música e relixión católica, a Orientadora, dúas especialistas de PT e AL e dúas profesoras de inglés de primaria.

Este curso contamos con dúas coidadoras tamén a tempo completo no centro adicadas a alumnado só de Infantil, podendo así atendelo mellor.

O período de adaptación transcorreu con normalidade, incorporándose 69 nenos/as repartidos nos tres grupos.

Ao longo do curso, completamos, coa participación de todo o alumnado de Infantil, unha serie de murais alusivos ás catro estacións do ano, que se colocaron no andar principal.

Durante todo o primeiro trimestre, 1 grupo contou cunha mestra en Prácticas estudante de Ciencias da Educación.

Ao longo do curso, tiveron lugar ás seguintes actividades ou celebracións:

- Durante a primeira semana de clase, o alumnado de 4 e 5 anos desfrutou dun espectáculo de “Maxia en inglés” organizado por Rosa.
- Ao longo do curso, varias profesoras realizaron actividades no Horto Escolar.

- Con motivo do Día Mundial da Ciencia, participamos nunha exposición de Ciencia en galego, organizada polo equipo de dinamización da lingua galega.
- Participamos no Halloween e Samaín con exposición de cabazas.
- Magosto, co reparto de castañas pola castañeira, exposición de receitas, realización de zonchos....
- Nadal: decoramos a entrada principal do noso edificio. Tivemos concerto de dous trombonistas e fixemos un recital de cancións preparadas polas especialistas de música e inglés.
- Día da Paz: acto conxunto con Primaria. 30 xaneiro
- Entroido: festival choqueiro o 23 de febreiro e participación no desfile de vestimentas rexionais o día 24.
- Este curso foron concedidos os concertos didácticos para o alumnado de 4 e 5 anos.
- Participamos no desfile de gorros de pascua
- Día de Rosalía: recital de poesías celebrado o 2 de marzo. Todo o persoal do colexio participou na realización dun mosaico co rostro de Rosalía.
- Letras Galegas: participación na gravación dun vídeo coa colaboración de todo o alumnado, persoal docente e non docente do colexio. Elaboración de traballos conmemorativos do labor periodístico de Carlos Casares.
- Conmemoración do centenario do nacemento de Gloria Fuertes coa exposición de traballos feitos por cada grupo-clase.
- Participamos nas saídas do Concello, asistindo os alumnos de 3 anos ó Parque de Santa Margarida, os de 4 anos a María Pita, e os de 5 ós Xardíns de Méndez Núñez. Valoráronse de forma positiva.
- Como excursións de fin de curso, os de 3 anos visitaron a Granxa Escola de Beelle, os de 4 a Granxa do Queixo e os de 5 a de Aldea Nova. As de Beelle e Aldea Nova valoráronse positivamente, cosa que non pasou coa Granxa do Queixo. De todos modos, de cara o vindeiro curso, valoraremos a continuidade de este tipo de excursións, debido ao elevado importe económico que cremos que supoñen para as familias.

Os alumnos de 6ºB seguiron a desenvolver o Proxecto de “O meu amigo maior”. Fixeron actividades conxuntas ao longo de todo o curso e remataron coa obra de teatro “Se as avoas mandasen” representada a varios niveis de primaria.

Para rematar o curso a ANPA novamente organizou, o luns 19 de xuño, unha xornada de xogos ó aire libre para os nenos/as con paracaídas, xogos musicais e inchables.

CARA O VINDEIRO CURSO

Seguimos considerando de moita axuda a presenza dun conserxe a tempo completo no edificio de E. Infantil, sobre todo coa entrada ou saída de alumnos/as ó colexio fora do horario habitual.

Insistimos na vantaxe que suporía dotar de teléfono as aulas de Infantil e o SUM, xa que facilitaría moito a intervención en casos de incidentes con algún alumno/a.

Tamén recalcamos o descontento coa utilización dos espazos do colexio de infantil por parte dos usuarios do servizo de comedor. Seguimos notando que non se axusta ós hábitos traballados na escola, polo que cremos que sería mellor que ocupasen só as dependencias da parte de abaixo do edificio.

O estado dos equipos informáticos das aulas seguiu dando bastantes problemas. Algunhas mestras do ciclo non está conforme coas intervencións do informático contratado polo colexio. Entre outras cousas, vemos quizais como a máis grave, a existencia case permanente de virus nos ordenadores, cousa que pon en perigo equipos persoais cos que traballamos nas nosas casas. Precisamos, por tanto, que se melloren estas condicións.

Repetimos a consideración feita o pasado curso:

O ciclo considera que o estado dos columpios do patio é moi malo. Durante todo o curso tivemos problemas con nenos/as que se mancaron neles. A maioría están moi deteriorados por ter moitos anos. En adiante, non queremos que se arranxen columpios que xa están moi mal, porque o risco de que sigan ocasionando problemas é moi alto. Cando xurda un problema cun columpio, consideraremos dúas opcións unicamente, que se substitúa por un novo ou que se retiren.

4.2.- MEMORIA DE 1º - 2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

O equipo de profesores de 1º e 2º curso de Educación Primaria realizou ao longo do curso 2016/2017, as reunións previstas no Plan de Centro e as necesarias co fin de se manter informado sobre o tratado nas reunións das distintas Comisións que funcionan no Colexio, así como para tratar temas comúns o noso labor docente.

DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN

Conseguíuse un bo resultado, en termos globais, na consecución dos obxectivos recollidos na PXA.

Destacamos os seguintes aspectos:

-Incidíuse especialmente na necesidade de manter a atención por parte dos alumnos, indispensable para o desenvolvemento das actividades escolares, considerando necesario seguir traballando neste aspecto. Destacar que ao longo deste ano a falta de atención aumentou con respecto a outros anos.

-Estimamos que, en termos xerais, se acadaron os obxectivos de adquisición da técnica lecto-escritora, de cálculo e de razoamento lóxico-matemático.

-Utilizáronse as TICs (pizarras dixitais), en todas as aulas.

-Traballouse para desenvolver hábitos de respecto e mellora do contorno máis inmediato. Participaron activamente no horto, guiados polos profesores encargados e acompañados polos titores. Tamén se fixeron plantacións nas aulas, que foron transplantadas ao horto.

-Concedéuselle notable importancia ao obxectivo de desenvolver hábitos de cortesía no trato, xa que, un ano máis, detectouse unha grande falta de respecto aos demais e falta de adaptación ao contexto. Para a súa adquisición e interiorización é imprescindible a colaboración familiar, que non é posible en todos os casos.

-Realizáronse actividades nas aulas para traballar a coeducación, habilidades sociais....

-Participouse no Plan de Fomento da Lectura que levou a cabo o centro, mediante o Plan de Lectura Anual. Os resultados son altamente satisfactorios.

-Ao longo do curso, realizáronse distintas actividades e celebracións: Magosto, Samaín, Nadal, Día da Paz, rastrillo solidario, Entroido, maíos, Día de Concienciación do Autismo, Letras Galegas, actividades de dinamización lingüística, concurso de debuxo para facer unha estampación na camiseta que se lles entregou ao alumnado máis lector da Biblioteca (Leóns Dourados), encontros con autores, teatro, contacontos en inglés para 2º, rutas urbanas e a excursión fin de curso ao Centro de Turismo Ecuéstre de O Ventoso en Laracha.

-Favoreceuse a integración e a atención á diversidade de todo o alumnado.

METODOLOXÍA E AVALIACIÓN

O número de alumnos por aula foi moi elevado nos cursos de segundo e primeiro (26 en tres aulas) para poder levar a cabo un tipo de ensino que potencie as características de cada un deles e así atender as individualidades situadas a ambos extremos da media. De todos os xeitos, traballouse de forma activa e participativa tendo en conta as capacidades de cada alumno.

Fíxose unha avaliación continua e global valorando a adquisición das competencias das básicas, o traballo diario da aula, a súa actitude diante do mesmo, o interese, orde e limpeza na presentación dos traballos.

Contouse con profesorado de apoio, pero non tiña suficiente tempo para atender ás crecentes necesidades.

Por último, consideramos que sería conveniente reflexionar sobre o número de actividades complementarias que se realizan ao longo do curso, tendo en conta que provoca cambios nas rutinas diarias do alumnado que, como dixemos, ten problemas de atención.

4.3.- MEMORIA DE 3º - 4º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Leváronse a cabo actividades encamiñadas a potenciar a lingua galega a través da lectura de libros e lectura eficaz ...

Realizamos actividades específicas para mellorar a atención do alumnado: sopa de letras, completar textos, buscar diferencias ...

En colaboración coa biblioteca do centro fixéronse diversas actividades para animar aos nenos a ler.

Utilizáronse xogos lóxicos para mellorar o razoamento lóxico matemático. Seguimos traballando na adquisición de técnicas e hábitos de estudo: realización de resumos, completar textos ...

Séguese a traballar na adquisición de hábitos sociais de comportamento e respecto a todos os membros da comunidade educativa e ás instalacións.

Realizamos as actividades de Educa-saúde, divididas en tres sesións. A nosa valoración desta actividade non é satisfactoria.

Traballamos no horto escolar continuando co proxecto Voz Natura. Realizáronse diversas actividades encamiñadas a crear nos alumnos o respecto polo medio ambiente.

Os alumnos realizaron durante o curso diversos traballos utilizando as novas tecnoloxías e a biblioteca como "Centro de Recursos" .

O profesorado de 3º de primaria, considera que a proba de Avaliación Diagnóstica de 3º non acadou os obxectivos, xa que a ausencia do alumnado foi ao redor dun 65%. Por outra parte a organización dos exames e a corrección dos mesmos requiren unha organización dos horarios que repercuten no resto do profesorado e do alumnado do centro.

Os cursos de terceiro traballaron con Glifing, unha aplicación que se centra na habilidade lectora, tendo en conta a exactitude e a velocidade de lectura de fonemas, non palabras, palabras e textos. Traballamos a nivel individual con cada neno. Na casa e con axuda da familia fórono realizando unha ou dúas veces por semana. Tamén traballamos a nivel grupal, na aula, coa comprensión de textos. Esta aplicación foi costeada pola asociación Axuda en Acción.

4.4.- MEMORIA DE 5º - 6º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Os obxectivos propostos a principios de curso para estes niveis lograronse coa maioría do alumando, tanto nos aspectos curriculares como en hábitos e actitudes. A excepción prodúcese co primeiro obxectivo previsto, en canto a conseguir que o alumnado preste e manteña a atención e concentración nas tarefas, evite ruídos, permaneza en silencio... que resulta non só difícil de conseguir, senón de manter no tempo, tanto na aula, como nas filas, nos corredores, nos patios, no salón de usos múltiples, nas saídas. Apréciase unha mellora no comportamento durante as entradas e saídas da aula, pero é preciso seguir incidindo nestes aspectos.

Con respecto aos hábitos e técnicas de estudo, os obxectivos acádanse nun grao axeitado. As dificultades máis grandes mostráronas nas estratexias para a resolución de problemas e, en moitas titorías, no cálculo.

En canto ás áreas de lingua resulta máis dificultosa a lectura expresiva, a adquisición e/ou incorporación de novo vocabulario, a corrección ortográfica e sintáctica e a axeitada presentación dos escritos de produción propia.

Traballouse, coma sempre, no uso normalizado da Lingua Galega, tanto na expresión oral como na escrita. O alumnado, en xeral, aprecia e valora o galego, aínda que non xeneraliza o seu uso.

O alumnado segue a participar nas actividades de Voz Natura.

Seguimos tamén coas actividades propostas no Plan Lector que van explicitadas na memoria do devandito Plan.

Tal como se mencionou nos obxectivos para a PXA, o profesorado destes niveis considera o teatro como unha actividade que contribúe de xeito importante a formación do alumnado. O profesorado deste ciclo colaborou en tarefas de vestiario, maquillaxe ... para a posta en escena da obra "Trasnos e Zapateiros".

Seguiu funcionando o grupo Bubelas formado este curso polo alumnado de 6ºA, que se viu reforzado polo grupo de "Bubeliñas", alumnado de 6ºC de EI, dentro do

proxecto “O meu amigo maior”. Conxuntamente representaron dúas obras de teatro ao longo do curso, unha polo Nadal e outra a finais de curso.

O alumnado de 5º e 6º seguiu o curso con libros dixitais a través do proxecto EDIXGAL. A valoración, en xeral, é positiva. O feito de apostar por integrar o libro dixital nas aulas destes cursos supuxo un gran reto e xurdiron certas dificultades e tamén vantaxes que consideramos debemos recoller nesta memoria:

-Este curso a plataforma estivo activa antes e puidemos acceder, profesorado e alumnado, aos materiais desde o primeiro momento para ir coñecendo as ferramentas e o funcionamento, o que nos permitiu comezar con normalidade. O acceso foi bastante fluído sen presentar moitos problemas técnicos. A experiencia do curso anterior serviu de guía.

-O profesorado implicado neste proxecto tivemos que aumentar a dedicación e preparación dos diferentes temas e materiais. O uso do libro dixital require un cambio metodolóxico onde o profesor se converte en guía e decide como tratar os contidos dos diferentes temas. Así mesmo, debe ensinar a utilizar Internet de forma segura e responsable.

-Os contidos dos libros dixitais constitúen unha entorna onde se atopan contidos, recursos, animacións, ligazóns a Internet... que requiren o desenvolvemento de novas competencias para o manexo eficiente da información e temos que destacar o baixo nivel de competencia tecnolóxica que teñen algúns alumnos menos favorecidos para acceder a eses contidos.

-O alumnado aceptou con naturalidade traballar con libros dixitais e resultou motivador pois puideron ter acceso a vídeos, dicionarios, contidos multimedia...

-Tamén favoreceu a adquisición de competencias dixitais e o compoñente audiovisual favoreceu determinados aprendizaxes.

-Destacamos a potenciación da autonomía persoal, a creatividade e o traballo colaborativo.

-O equipo informático do alumnado é demasiado pequeno polo que supón un esforzo visual e provoca fatiga.

-Os recursos das editoriais Netex e Edebé non se axustan para traballar co alumnado con dificultades de aprendizaxe ou con adaptacións curriculares individualizadas.

O alumnado de 5º tamén participou ao longo do curso no programa GEN10S. A valoración é positiva. O monitor de GEN10S conectou ben cos grupos creando un bo

clima de traballo e de confianza. O traballo en equipo e o xeito de rotar para valorar e coñecer o traballo dos demais foi moi positivo para os nenos. No mes de xuño, un profesor e tres alumnos, en representación de todo o grupo, acudiu á 2ª edición de GEN10S PARTY celebrada en Madrid.

Todo o alumnado de 5º e 6º participou nun programa dixital de reforzo matemático, SMARTICK, subvencionado pola ONG “Axuda en Acción”. Iniciouse o programa nas aulas, con sesións diarias durante unha semana, para explicar o seu funcionamento, logo continuou o alumnado realizando as sesións no seu domicilio e seguindo o seu propio ritmo. Polo que podemos observar, algúns alumnos realizaron as súas sesións con asiduidade, pero outros moitos aproveitaron pouco o reforzo que se lles ofrecía. Con esta escasa porcentaxe de realización das sesións non se pode valorar a mellora da competencia matemática no alumnado destes cursos.

Tamén participaron nos obradoiros levados a cabo pola asociación “Stop Accidentes” logo da integración do centro no proxecto ANCAS.

Un ano máis participamos nos obradoiros de “Educasaúde”. Consideramos que os temas tratados son repetitivos e o xeito de desenvolverlos por parte dos monitores tampouco nos parece o máis axeitado. Debería haber un cambio no formato e presentación de propostas.

Todo o alumnado de 5º e 6º asistiu a unhas charlas ofertadas por colaboradores da asociación “Jane Goodall” para concienciación sobre a problemática que están a vivir os chimpancés e os pobos de Senegal e Guinea. Como actividade posterior propúxose a recollida de móbiles usados que a asociación recicla para recadar fondos para a labor que desempeña nesta zona de África. Catro aulas reuniron os móbiles suficientes para apadriñar a un destes chimpancés.

O alumnado de 6º participou nuns obradoiros de danza, realizando actuacións no centro en distintas conmemoración e participando no evento “Xuntarte” con outros centros da cidade. Tamén participaron noutros obradoiros de música e instrumentos tradicionais galegos desenvolvidos polo Centro Coreográfico Galego.

Realizáronse as saídas prevista na PXA. A maiores, o alumnado de 6º visitou a exposición sobre Carlos Casares no Instituto Salvador de Madariaga, asistiron á representación da obra teatral “A laranxa máis laranxa de todas as laranxas” e realizaron unha visita ao Muncyt.

Durante este curso, os/as alumnos/as de 5º/6º EP de Relixión Católica e Evanxélica, con motivo da campaña contra a fame no mundo que cada ano organiza a ONG Manos Unidas, recibiron a visita do Pai Jose Rubio, misioneiro comboiano.

O alumnado de 6º realizou a saída de Fin de Primaria dunha duración de tres días ao albergue de Alvarella Ecoturismo.

O alumnado de 5º non realizou algunha das saídas previstas na PXA, nin excursión de fin de curso debido aos problemas de convivencia xurdidos ao longo deste ano.

5.- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) do CEIP Emilia Pardo Bazán do curso 2016-2017 tivo como obxectivo principal potenciar a nosa lingua como linguaxe vehicular útil e promover o coñecemento da nosa cultura e a curiosidade polo coñecemento.

ACTIVIDADES REALIZADAS:

- **Actualización do proxecto lingüístico de centro.**

Durante o primeiro trimestre do curso 2016-2017 o Equipo de Dinamización da Lingua Galega actualizou o proxecto lingüístico de centro.

- **Difusión de música galega mediante a megafonía.**

Aproveitamos que no colexio se pon música para indicar as entradas e saídas para fomentar a música en lingua galega.

Empregamos este recurso como unha boa forma de difusión da música popular galega. Seguiremos en posteriores cursos traballando con este tipo de potenciación da música, pois percibimos que pouco a pouco o alumnado vaise familiarizando coa canción que se lles pon durante un par de semanas.

- **Celebración de festas e tradicións galegas.**

A celebración de festas tradicionais galegas ou ben o dar a coñecelas forma parte das actividades que sempre o Equipo de Dinamización da Lingua Galega organizou. Durante este curso realizáronse as seguintes:

* **O Samaín:** A pesar da estreita colaboración entre o equipo de Inglés e o EDLG para potenciar, ao mesmo nivel, as festas de Samaín e Halloween; seguimos a ter serias dificultades para acadalo, debido a cada vez maior presenza da festa anglosaxoa na nosa sociedade, tentamos relacionar as dúas festividades facendo máis fincapé na "decoración" das cabazas como típico tamén de Galicia.

* **O Magosto:** A parte do tradicional asado de castañas, tentamos non perder a tradición de crear colares de castañas, de zonchos, pedíndolle aos nenos e nenas que

traían os seus e realizando unha exposición cos mesmos. Con esta actividade tamén pretendemos involucrar ás familias.

Ao final realizamos dous carteis (un cos alumnos de primaria e outro cos alumnos de infantil) onde aparecen os participantes cos seus colares, que foi exposto nos dous edificios e un diploma para cada un dos participantes en agradecemento polo seu esforzo.

Levou a cabo un concurso gastronómico en colaboración co equipo de actividades extra escolares, na que as alumnas e os alumnos traían e elaboraban nas súas casas pratos e doces típicos con produtos da colleita da nosa horta. Expuxéronse no taboleiro do colexio.

* **O Nadal:** O festival de Nadal, organizado en colaboración co EACE, houbo actuacións musicais e de dramatización, colaborou todo o equipo docente, o alumnado, ANPA e pais/nais do alumnado e persoal non docente. Destacamos as actuacións musicais do Conservatorio Superior de Música de A Coruña co DÚO DE TROMBÓNS, en EI e a actuación dun QUINTETO DE METAIS en EP. Tamén cabe destacar a actuación dos nenos/as de de 4º e 6º de EP coa danza: “Danza dos Pastores” e “Jingle Belas” e a visita de Papá Noel que correu a cargo do persoal non docente e das nais/pais.

* **Día da Paz:** Preparouse unha actividade conxunta de todo o colexio e na que tamén colabora o persoal non docente.

* **O Entroido:** O venres de Entroido realizouse o popular desfile que se organiza en colaboración co equipo de actividades extra escolares e degustáronse produtos típicos destas datas grazas á colaboración da ANPA.

- **Grupo de teatro interaulas.**

Tras levar tres anos creando grupos de teatro con rapaces e rapazas de diferentes cursos, a actividade está totalmente instaurada no noso colexio. Os actores son nenas e nenos que se presentan voluntariamente para participar, tendo que ensaiar durante algúns recreos.

Durante este curso, continuase coa labor de divulgación de obras clásicas. Preparouse a representación da obra “Trasnos e Zapateiros”, unha adaptación dramática en galego dun conto dos irmáns Grimm, coa que participamos no Certame de Teatro Candilejas Don Bosco. O grupo estivo composto por 42 alumnos de 2º e 3º nivel, 4 alumnos de 4º e 5º nivel e 1 alumno de 1º nivel.

As titoras observaron unha melloría significativa na comprensión e fluidez verbal en galego de moitos dos alumnos participantes. Toda a Comunidade Educativa colaborou na montaxe da obra. O traballo feito polo alumnado e polo profesorado que o coordinou foi

impresionante, mostrando unha calidade propia de actores profesionais. A maiores a colaboración das familias para a consecución dos traxes e do persoal non docente do centro, a implicación de gran parte do profesorado para encargarse do coidado do alumnado, a organización do vestiario, a maquillaxe, o son, as luces, o escenario,... fixo posible que se levase a cabo a actividade con éxito.

- **Semana do teatro no colexio.**

Representouse a obra “Trasnos e zapateiros”, no colexio Calvo Sotelo á que acudiu todo o alumnado de primaria, que se desprazou coa axuda e colaboración de todo o profesorado.

Tamén se interpretaron outras pezas de teatro que foron traballadas en distintas aulas. Xunto cos alumnos de Educación Infantil de 6ºB o alumnado de 6ºA de Educación primaria interpretou a peza de teatro: “Se as avoas mandaran”.

E o alumnado de 6º Educación Infantil: Dramatización do conto “A mellor sopa do mundo”.

Esta é unha boa forma de dar a coñecer a todo o alumnado do centro que é o que fan os seus compañeiros, potenciando o uso da lingua galega oral dunha forma expresiva e lúdica.

- **Exposición interclases de traballos ou conta contos.**

Tendo o galego como lingua vehicular, propónselle a todo o profesorado que aproveite a creación de contos ou outros traballos para expoñelos noutras clases, creando un clima de colaboración e relacións interclases ao mesmo tempo que as persoas que realizan a exposición ou conta contos traballan a competencia lingüística tanto no seu ámbito escrito como oral.

- **Conmemoración do Día de Rosalía.**

Para a conmemoración do día de Rosalía de Castro en coordinación co Equipo de Biblioteca Escolar, decidimos realizar a nosa particular homenaxe á figura desta relevante autora, cunha actividade na que participou a maior parte dos integrantes da Comunidade Educativa. Para esta tarefa, confeccionamos cunha foto da escritora galega un gran mosaico (2x1,5 m), elaborado con miles de pequenos retratos do alumnado, profesorado, exprofesorado e persoal non docente.

O alumnado de EI preparou o recitado dun poema por aula. E realizáronse dous murais, onde todo o alumnado do centro participou coa súa visión particular pintado o retrato de Rosalía.

- **Certame Artístico Literario.**

En coordinación co Equipo de Biblioteca Escolar, convocouse este certame artístico-literario, onde propoñendo textos de Carlos Casares, Gloria Fuertes,... o alumnado participou debuxando, inventando e creando o seu. Aproveitouse este traballo para decorar o mural das Letras Galegas.

- **Cancións Populares Galegas.**

Para levar a cabo este proxecto contamos coa colaboración dos Mestres de música e dos titores. Unha vez seleccionadas as pezas musicais, distribuíronse aos cursos para ser traballadas melódica e ritmicamente nas clases de música e a parte da letra na área de lingua galega. Ademais buscáronse interpretacións diversas para poñelas na megafonía do colexio para indicar as entradas e saídas durante o mes de maio, para que todo o alumnado se familiarice coas cancións.

- **Conmemoración da Semana das Letras Galegas.**

Este ano para conmemorar a celebración das Letras Galegas 2017 dedicada a Carlos Casares desenvólvese as seguintes actividades:

- Realizouse un mural, coa mesma temática, para o edificio de Primaria e Infantil.

- Ao longo da semana traballouse a súa vida e obra nas aulas: unidades didácticas impresas, lecturas, expresión plástica en murais, consulta e busca de información acerca do autor en libros e en páxinas web, descarga de materiais atopados,...

- Actuacións de 6º (EI):

- Obra de teatro: "A mellor sopa do mundo"
- Rap da Lingua: "Carlos Casares"
- Adaptación ao galego do tema "La Tormenta" do grupo Sidecars co título: "A Primaria".

- O martes, 16 de maio, celebramos o acto das Letras Galegas. Elaboración dun "MAIO" coa colaboración do equipo de Horto e realización dunha danza e coplas por parte do alumnado de 4º e 6º EP que nos interpretaron varias danzas, típicas do noso folclore. Rematamos o acto cando o gaiteiro tocou unha peza para o agarrado, en parellas.

- Posta en escena da obra de Carlos Casares: "O can Rin e o lobo Crispín" no teatro xaponés de papel kamishibai. (Alumnado de neae).

- Entregouse un pequeno agasallo ao alumnado, persoal docente e ao persoal non docente (marca páxinas grazas á colaboración do Seminario Galán).

- Por outra banda, aínda que non figuraba no proxecto inicial, publicouse a Revista dixital: “Edición Especial: Carlos Casares”, onde simulando ao homenaxeado nos convertemos en xornalistas.

- VIDEO: “Carlos Casares en busca das letras “

- **Día da Ciencia en Galego.**

Ao longo do 1º trimestre e con motivo da celebración do DÍA DA CIENCIA EN GALEGO convertémonos en científicos e investigadores e cada aula realizou un experimento científico en galego, para posteriormente presentalo ao resto do colexio. Foi un traballo moi interesante que logo recolleemos nun libro dixital.

- **Realización de carteis informativos co nome das árbores do recinto escolar.**

O EDLG, colaborou co proxecto de Voz Natura potenciando o uso da lingua galega nas diferentes actividades como os traballos de investigación sobre as diferentes especies autóctonas e tamén na elaboración de fichas dos moitos cultivos do horto escolar do centro.

Destacaron os diferentes murais expostos nos corredores do centro no que sempre se fixeron en lingua galega con contidos medio ambientais da nosa contorna.

- **Colaboración con outros centros:**

- Co gallo do Día Escolar da non violencia e a Paz, varios centros colaboramos na realización da actividade II XUNTARTE. Trátase dun proxecto plurianual, con idea de continuar, de xeito que cada ano se abra a máis centros públicos e a organización farase por quendas. Destacamos como obxectivos principais a convivencia intercentros, cooperación e traballo común e a integración de nenas e nenos con diferentes capacidades e necesidades. Os colexios que colaboran este ano son: CEIP San Pedro de Visma, CEIP Ramón de la Sagra, CEIP Eusebio da Garda, CEIP Alborada, CEIP Manuel Murguía, CEIP Xosé Cornide, CEE Nosa Señora do Rosario e o noso centro CEIP Emilia Pardo Bazán que é o que organiza o evento. Participouse non só con danzas, tamén con coros e interpretacións musicais de diferentes partes do mundo. Houbo cinco danzas comúns, interpretadas por todos os participantes xuntos e cada centro fixo dúas interpretacións.

- PROXECTO LINGÜÍSTICO EUROPEO. É un Proxecto de Cooperación Internacional entre catro centros de diferentes rexións europeas (Irlanda, País de Gales, Bretaña Francesa e Galicia) que contan cunha lingua autóctona de raíces celtas, cooficial con outra lingua. Consiste en intercambiar experiencias e ideas sobre como fomentar e potenciar as linguas autóctonas de cada un dos países, coa idea de poñelas en práctica e

formar parte dun posible proxecto europeo de traballo común. No 3º Trimestre recibiremos a visita de mestras/es do colexio CARLOW EDUCATE TOGETHER de Irlanda para botar a andar esta actividade.

- Por outra banda, os alumnos e alumnas de Educación Infantil como proxecto plurianual seguimos a colaborar co CEIP Alfredo Brañas de Paiosaco, A Laracha, no proxecto de realización de contos viaxeiros. Trátase de fomentar e facilitar unha dinámica de relación intercentros e da apertura dos mesmos a contorna. Utilizamos as novas tecnoloxías (Skype, correo electrónico, fotografías e vídeos,..) para poder comunicarnos e desenvolver actitudes e aptitudes de traballo en equipo.

- **Sesións de Lectura Silenciosa nas aulas e na Biblioteca (propoñendo bibliografía en galego).**
- **Saídas didácticas.**
- **Actividades realizadas en colaboración co Departamento de Orientación:**
 - * Día Mundial do Autismo.
 - * Portas Abertas: “Unha clase diferente”.
- **Violencia de Xénero (25 de novembro).**
- **Día Mundial da Saúde.**
- **Día do Libro.**

Nembargantes outras actividades que estaban previstas para este curso, non se levaron a cabo por falla de tempo e por cuestións organizativas:

- Os Contos Viaxeiros en colaboraron co CEIP Alfredo Brañas de Paiosaco. (Continuaranse traballando para o vindeiro curso).
- Revisar os fondos da Biblioteca Escolar. (Pendente para o vindeiro curso).

Obradoiro de Oficios Galegos. (Non se puido realizar por falta de medios).

6.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.

A CCP reuniuse 5 veces segundo o calendario establecido pola Dirección. Nestas reunións a Dirección informou das distintas ordes, disposicións, comunicados... procedentes da Consellería, da Xefatura Territorial ou da Inspección Educativa, así como doutros organismos oficiais ou entidades relacionadas co ámbito educativo, que afectaban á organización e funcionamento do centro. Tamén informou das diversas propostas que parten da Dirección para mellorar a organización e funcionamento da vida escolar. Nas

reunións debatéronse estas informacións e os membros da CCP transmitiron os acordos aos diferentes niveis, ciclos, departamentos ou comisións.

Nestas reunións tamén se recolleron e debateron as informacións e propostas que os membros da comisión aportaban procedentes dos niveis, ciclos, comisións ou departamentos.

Deste xeito a CCP cumpriu o seu obxectivo de coordinar a vida escolar do centro e servir de enlace entre todos os membros da comunidade educativa.

7.-DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

No presente curso 2016/2017, a administración educativa, presionada en parte polo informe da “Valedora do Pobo” con respecto ao horario de apoio dun alumno de infantil, concedeu novamente ao centro unha especialista de PT e outra de AL a tempo total para o apoio en educación infantil. Na adxudicación provisional concedera dúas prazas de AL, tal e como solicitara o centro tras o incremento sucesivo de ANEAE, e na adxudicación definitiva soamente foi concedida unha delas.

	2012/2013	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017
EDUCAC. INFANTIL	- PT - AL	- PT - AL	- PT -AL compartida	- PT Compartida - AL compartida	- PT - AL
	Mestres/as de Educación Compens.			Sendo a incorporación de ambas posterior ao inicio das clases do alumnado.	

O centro ten habilitada unha aula de EDUCACIÓN ESPECIAL, dende o comezo do curso 2013-2014, na que está escolarizado un alumno.

CADRO DE PROFESORADO ESPECIALISTA PT / AL curso 2016-2017	
PT3	Alumnado de infantil + 2 sesións de apoio en aula de EE + 1 alumna de 1ºEP.
PT4	AULA DE EDUCACION ESPECIAL
PT2	Alumnado de 1º-2º-3º + algúns alumnos de 4ºEP.
PT1	Alumnado de 4º, 5º, 6º + 1 alumna de 3ºEP
AL2	Alumnado de infantil
AL1	Alumnado de primaria (1º-2º-3º-5º-6º)

CADRO DE PERSOAL COIDADOR A.T.E. curso 2016/2017 (3 alumnos do centro precisan atención continuada)	
A.T.E. 1	Educación primaria (2º, 3º, 5º)*
A.T.E. 2	AULA DE EDUCACION ESPECIAL
A.T.E. 3	2 alumnas de 1º de Educación primaria
A.T.E. 4	1 alumno e 1 alumna de 6º de Educación infantil / 1 alumna de 4º EI
A.T.E. 5	1 alumna de 5º nivel de educación infantil / 2 alumnos de 4º de EI (un deles de xeito puntual)

A nivel de DO, o período caracterizouse por un amplo número de demandas de intervención, e as actuacións tanto a nivel de alumnado, como de familias, referíronse a causas moi diversas destacando as problemáticas relacionadas coa convivencia entre alumnado e entre familias que adquiriron durante o actual curso, nalgúns casos puntuais, dimensións desproporcionadas, desmesuradas e preocupantes.

Leváronse a cabo diferentes intervencións co alumnado de 5ºEP no mes de novembro e no terceiro trimestre de curso, co obxecto de intentar mellorar as relacións entre este alumnado. En novembro a intervención foi moi positiva, pero no terceiro trimestre, aínda que tamén o foi en parte, estivo moito máis influenciada ata mediados do mes de maio, pola actuación das familias.

A valoración e/ou seguimento do alumnado realizouse, na maioría dos casos, a nivel individual, pero tamén houbo algunha a nivel de grupo xa que se realizaron algunhas probas colectivas a alumnado de 1º, 2º e 3º de Educación Primaria.

CURSO 2016 -2017	DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN		
	ALUMNADO co que se realizou valoración, intervención, e/ou seguimento	Nº de familias coas que se mantivo algún contacto.	Nº de alumnos para os que se contactou con profesionais externos ao centro
Educación Infantil	23	17	9
1º	17	9	4
2º	10	11	4
3º	8	10	4
4º	10	10	7
5º	11	18	6
6º	8	6	5
TOTAL	76	81	39

Entre as actuacións levadas a cabo ao longo do curso dende o departamento de orientación, e que son inherentes ao mesmo, están:

- Organización dos apoios.
- Reunións periódicas do Departamento de orientación.
- DRDADI (Recollida de datos estatísticos de atención á diversidade (outubro)).
- Avaliación e/ou seguimento de alumnado e elaboración de informes para solicitude de: Becas MEC, intervención de EOE, para valoracións no ámbito clínico,

flexibilización do período de escolaridade, derivación a apoios en centros cívicos municipais e para alumnado con NEAE que remata educación primaria.

-Seguimento da asistencia de alumnado con absentismo escolar.

-Elaboración e revisións de ACIS.

- Solicitud de tablet e IPAD para uso individual de alumnado con NEE.

-Elaboración de listado de alumnado con necesidades específicas de apoio específico, xustificando a necesidade de profesorado especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, por enriba de catálogo para o vindeiro curso 2017-2018.

-Elaboración de listado de alumnado con NEE que precisa apoio de persoal coidador (ATE) xustificando a necesidade de incrementar a plantilla deste persoal para o vindeiro curso.

-Participación nas sesións trimestrais de avaliación.

-Elaboración de proba adaptada para a avaliación diagnóstica dunha alumna de 3º con ACI.

-Elaboración de informes trimestrais de alumnado que recibe apoio de PT e/ou AL.

-Elaboración da memoria do DO.

-DRORIENTA (Recollida de datos estatísticos do departamento de orientación (xuño))

-Contactos con profesionais externos ao centro:

- EOE
- ASPANAES
- Hospital Materno Infantil. Unidade de Atención Temperá.
- Centros Cívicos de Los Rosales e Labañou.
- AGARIMO
- Servizo de Inspección.
- Profesionais dos centros de saúde de Labañou e dos Rosales.
- Saúde Mental Infantil.
- Profesionais do sector privado que atenden a alumnado do centro.
- Reunión mensual de coordinación con Orientadores da zona.
- Coordinación cos institutos da zona, co IES Salvador de Madariaga ao que se incorporarán a maioría do alumnado do centro para cursar a ESO o vindeiro curso e co IES Rafael Dieste ao que se incorporará un alumno con NEE.
- Orientadoras/es de centros de procedencia e ou destino de alumnado do centro, sempre que se considerou necesario obter ou transmitir información sobre a problemática do alumnado.

Medidas e actuacións levadas a cabo relacionadas cos obxectivos prioritarios sinalados na PXA:

-Ao comezo de curso:

- Proporcionouse ao profesorado titor de educación primaria, materiais para realizar a avaliación inicial do alumnado que establece a orde de avaliación de educación primaria, de xuño de 2016.
- Facilitouse ao profesorado de apoio do 6º nivel de educación infantil material específico para a estimulación da linguaxe oral. “O dragón Pepón”.

-Ao longo do mes de outubro realizáronse reunións do profesorado titor coa orientadora para valorar os resultados da avaliación inicial de cada grupo clase e detectar posibles necesidades do alumnado.

-Continuouse coa colaboración iniciada con COGAMI no curso anterior, para dous alumnos con NEEs.

-As mestras do departamento de orientación, continuaron potenciando un ano máis a través do proxecto de teatro INTERAULAS, a inclusión educativa coa participación na mesma de alumnado con NEE. A actividade foi valorada como moi positiva pola función integradora e de propiciación do desenvolvemento persoal dos alumnos.

-Co obxecto de simplificar os documentos de información tanto para ás familias como para o profesorado, no caso dos alumnos que reciben apoio por parte das dúas especialistas, PT e AL, estas elaboraron conxuntamente un único informe trimestral para cada alumno. Anteriormente cada unha realizaba o seu informe.

- Os documentos de ACI, e os informes finais do alumnado que recibiu apoio de PT e/ou AL durante o curso, gardaranse por duplicado, unha copia no expediente do alumno e outra no Departamento de Orientación.

-Elaborouse unha relación de actividades para o Plan de Acción Titorial.

Outras medidas e actuacións levadas a cabo:

- O centro participou na celebración do día mundial de concienciación do autismo, realizando diferentes actividades, tanto a nivel de aula como colectivas.

-Iniciouse no terceiro trimestre, a organización de xogos, no recreo dos mércores por parte de voluntarios de 6º de primaria, para levar a cabo co alumnado de primeiro de primaria. O obxectivo era que non houbera nenos “que non teñan con quen xogar no recreo”. A valoración foi positiva e sería interesante inicialo no primeiro trimestre do curso, cando o alumnado de 1º inicia a Educación primaria.

-No último trimestre do curso, nun grupo-clase de alumnos de 5º, iniciouse un proceso de mediación entre iguais, co obxecto de favorecer as relacións entre o grupo clase

e a resolución de conflitos. Aínda que se observaron algúns aspectos positivos, sería necesaria unha formación inicial do grupo de mediación máis ampla e intensa e quizá sexa preferible optar por outro tipo de medidas e actividades de prevención que favorezan a mellora das relacións entre iguais.

ALGUNHAS DIFICULTADES ATOPADAS AO LONGO DO CURSO

-A grave avaría no ordenador do departamento de orientación no mes de novembro, dificultou e demorou a elaboración do elevado número de ACIS que se estaban a realizar.

-Continuamos sen atopar unha solución satisfactoria ás dificultades de intercambio de información do departamento de orientación e o profesorado dos diferentes niveis, tras a configuración da nova composición do departamento de orientación coa supresión na LOMCE, dos coordinadores de ciclo.

-A xornada lectiva completa do profesorado especialista de PT e AL dificulta a coordinación entre o profesorado do propio departamento de orientación, e tamén limita a necesaria coordinación cos titores e as familias.

- A imposibilidade de atender adecuadamente a todo o alumnado con NEAE por falta de recursos.

-Os problemas de convivencia entre o alumnado de 5º de EP condicionaron significativamente a dinámica e funcionamento do centro en xeral e do departamento de orientación en particular.

PROPOSTAS DE MELLORA

-Continuar intentando mellorar a actuación coordinada de todos os profesionais que interveñen co alumnado con NEAE.

- Establecer, na medida do posible, calendarios de coordinación cos titores, familias e profesionais externos que a favorezan.

-Sería necesario que houbera máis profesorado con dispoñibilidade horaria que realice reforzo e/ou apoio ao alumnado. O profesorado de PT e AL non pode abarcar a atención de todo o alumnado e debe traballar prioritariamente con ACNEE e alumnos con trastornos ou dificultades moi específicas da aprendizaxe e a comunicación.

-Potenciar dende o inicio do curso medidas e actividades que favorezan a mellora da convivencia no centro.

-Seguir mellorando a prevención e control do absentismo escolar.

-No caso de haber dispoñibilidade horaria da mestra de AL, sería desexable que esta especialista colaborase co Programa de Estimulación de Linguaxe en 6º de Educación Infantil.

-Por parte da administración educativa:

-Dotar ao centro dos recursos de AL e persoal coidador necesarios, para atender ás necesidades específicas de apoio educativo do noso alumnado, para poder dar continuidade as intervencións xa iniciadas, poder atender ao alumnado que quedou en lista de espera por falta de horario e para adecuar o número de sesións as necesidades reais do alumnado.

CURSO 2016-17		CURSO 2017-18					
CICLO	COLEXIO	APOIO AL	APOIO PT	REFORZO/APOIO douro PROFESORADO	ALUMNADO CON ACI	REPITE CURSO	ACI *
INF.	199	14	8	*		1 Flexibilización	
1º	76	14	6	1	1	4	1
2º	75	6	3		1	0	2
3º	68	4	4		1	1	2
4º	73	2	7		3	1	1
5º	74	1	6	1	3	0	3
6º	72	2	2	2	2	0	4
TOTAL	637	43	36	4	11	7	13

7.1. AULA DE EDUCACIÓN ESPECIAL

Neste curso 2016-2017, a aula de educación especial seguiu adaptándose progresivamente, dada as peculiaridades que ten, as características do centro ordinario onde está habilitada. Isto ás veces resultou complexo posto que os ritmos da aula en ocasións non son os mesmos que os que ten o centro.

A variabilidade do neno cada día marca o que imos facendo. Esta flexibilidade da aula, deu lugar a que en determinados momentos non se puidera levar a cabo a planificación de tarefas. A nosa metodoloxía de traballo precisa da anticipación de actividades, é isto durante o curso foi un punto débil posto que algunhas veces non nos chegou a información, ou si chegou, foi tarde.

O noso obxectivo primordial era conseguir una estruturación espazo-temporal o máis adaptada posible as características do alumno, cunha planificación de actividades e utilización de espazos e recursos o máis variada posible. O segundo obxectivo era a inclusión do neno e das persoas que traballamos na aula nas dinámicas do centro, sentíndonos como membros máis da comunidade educativa.

Os dous obxectivos penso que están conseguidos aínda que o ano próximo intentaremos traballar para que a aula seña vista coma unha titoría máis coa autonomía que procede, e á vez interrelacionada e cohexionada coas demais titorías e elementos do centro.

A transversalidade da aula con respecto do centro é un dos aspectos máis importantes para a súa correcta organización. Este plantexamento se reflexou no Equipo Directivo e no Departamento de Orientación que facilitou a vida da aula depositando a confianza para deixar facer e dotándoa dos recursos que foran necesarios.

8.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA.

No actual curso escolar a Comisión de Convivencia foi convocada nunha ocasión.

Os incidentes entre o alumnado acarrearón a apertura de varios protocolos de acoso escolar, abertos a instancias da inspección educativa previa reclamación das familias, ou directamente ante a dirección por parte das familias. Os citados protocolos pecháronse sen a existencia de indicios suficientes de acoso escolar, pero derivaron en medidas extraordinarias para tratar de paliar o mal clima de convivencia existente nalgúns aulas do noso centro.

Problemáticas entre pais e nais xurdidos no exterior do centro, derivaron en reclamacións ante a dirección por supostas dificultades nas relacións entre o alumnado de idades temperás, que implicaron numerosas sesións de valoración da convivencia por parte dos equipos docentes.

As reclamacións das familias ante o profesorado incrementáronse respecto de cursos anteriores creando un clima de tensión fundamentalmente no último trimestre.

Por estes motivos o Claustro de profesorado participará no vindeiro curso escolar en actividades formativas, no eido da mellora da convivencia a través dun Proxecto de Formación Permanente do Profesorado, para tratar de paliar, en parte, estas problemáticas asociadas á convivencia.

Cabe citarse que moitas das incidencias xurdiron durante o tempo de funcionamento do Comedor Escolar, que logo das propostas realizadas pola Dirección do centro ante a ANPA, esta acordou cos responsables da Empresa Jardanay establecer unhas normas de funcionamento no horario de comedor.

A dirección do centro aplicou o procedemento sancionador a dous alumnos/as de comedor escolar, sendo expulsados do servizo de comedor por un período de tres días.

Tamén aplicáronse medidas sancionadoras a outro alumnado de educación primaria, consistentes na privación de asistencia ao recreo por períodos curtos, imposibilidade de participar en actividades complementarias, realización de tarefas relacionadas coa mellora da convivencia...

9.- MEMORIA DE BIBLIOTECA.

9.1.- ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA BIBLIOTECA.

A Comisión da Biblioteca estivo formada durante este curso por oito profesores/as.

Adquisición, xestión e organización de novos fondos:

Adquirimos novos documentos, tanto de información como de ficción, e tanto en soporte de papel como audiovisual ou informático. Dos fondos adquiridos catalogamos 149 documentos. Realizouse tamén un expurgo considerable de 285 documentos que estaban xa moi obsoletos, deteriorados, duplicados ou pouco axeitados para a idade do noso alumnado. Aparte dos documentos dados de baixa na aplicación informática que usamos, tamén expurgáronse outros que non figuraban ou estaban no programa anterior (ABIES) e, que, polas mesmas causas expresadas antes, foron excluídos.

Unha parte importante destes documentos foron doados á Biblioteca do Centro Penitenciario de Teixeiro (hai anos xa se fixera así con outro expurgo pola petición dun funcionario que estaba organizando alí a Biblioteca).

“Programa MEIGA”: Seguimos a empregar o programa “Meiga” de xestión bibliotecaria, para catalogar os novos documentos e xestionar os empréstitos. Tamén enviamos por correo as imaxes da portada dos documentos, coa asignación do respectivo ISBN, para que figuren no noso catálogo en Internet. Isto axúdanos a nós a localizar con máis facilidade o documento na Biblioteca e tamén aos alumnos, e dá unha visión máis completa. Durante este curso, os servizos informáticos da aplicación actualizaron de xeito moi satisfactorio.

Tamén durante este curso, a páxina web de REBECA (base de datos de rexistros bibliográficos do MEC, que actúa como fonte de recursos para a catalogación automatizada) funcionou moi ben, coa actualización dun novo servidor.

Préstamos:

Preparamos os novos carnés de lector para o alumnado e profesorado que chega por primeira vez ao Centro e tamén para os que o perderon. Ademais asígnase a cada número de carné o curso e aula que lle corresponde ao seu dono este curso escolar, o que facilita determinadas búsquedas. Esta xestión non a realiza o programa de xeito automático e hai que realizala manualmente, alumno por alumno.

Continuamos coa mesma política de préstamos que seguimos ata agora. O 20 de outubro abriuse a Sala e a partir de entón mantívose aberta durante toda a xornada escolar (de 9 a 14 h.) e pola tarde, de 16 a 18 h. (agás o luns) atendida polo profesorado

de garda. Efectuáronse préstamos durante o recreo e pola tarde; tamén os titores prestaron ás súas titorías.

Realizáronse 2.166 préstamos. Houbo asemade unha moi notable afluencia de alumnos no recreo e poucos pola tarde.

9.2.-DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS. INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

- DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS

Exposicións temáticas:

- Exposición de Novidades de Outono, coa que abrimos a B.E. no mes de outubro.
- Exposición sobre o Medo, que sempre ten moi boa acollida por parte do alumnado.
- Exposición de Nadal, no mes de decembro.
- Exposición de Novidades de Inverno, a partir do mes de xaneiro.
- Exposición de Novidades de Primavera.
- Exposición Centenario de Gloria Fuertes, coa participación de todas as aulas do Centro.
- Colaboración co Departamento de Orientación no Día Internacional do Autismo, aportando libros que tratan sobre este trastorno e sobre a diversidade en xeral.
- Día do Libro
- Día das Letras Galegas → Exposición Libros Carlos Casares
- Lectura pola megafonia por parte de representantes dos alumnos dunha parte do 1º capítulo do Quijote.

Encontros literarios con autores:

- O alumnado de 1º participou nun encontro con El Hematocrítico.
- O alumnado de 2º participou nun encontro con Iago López.
- O alumnado de 4º participou nun encontro con Chinto.
- Os encontros do alumnado de 5º e 6º foron con Mónica Rodríguez e Manuel Rivas.

Colaboración coa Biblioteca Municipal de Los Rosales:

- Os alumnos dos **cursos de 2º** realizaron unha visita a esta B. M. na que participaron en actividades programadas para eles.
- A B. E. colaborou coa B. M. do barrio enviándolles as Guías de Lecturas coas recomendacións para as vacacións. Con elas, confeccionaron uns expositores cos libros recomendados nelas para seguir animando á lectura durante os períodos vacacionais.

Concurso de debuxo entre o alumnado para o deseño da camiseta que se entrega aos gañadores dos Diplomas Leóns Dourados.

Uso da Sala da B.E. como centro de recursos:

Uso da Sala para presentar e desenvolver diversas actividades e obradoiros. Entre outras:

- Actividades de medio ambiente
- Fundación Jane Goodall: reciclaxe de móbiles
- Bullying e redes sociais. Charla da policía Nacional no Plan Director
- Coidado das mascotas
- Obradoiro do mel
- Conmemoración Gloria Fuertes: Lectura de poesías por parte dos alumnos de 5º aos alumnos de 1º e 2º nivel.

Utilización dos ordenadores e de Internet como fonte de información e tamén como uso recreativo.

Consulta do catálogo da B.E. en Internet.

Uso de xogos de xadrez no recreo, actividade que tivo unha notable demanda.

Materiais producidos:

Guías de lectura:

Entregáronse dúas guías de lectura para o alumnado e o profesorado, unha antes das vacacións de Nadal e outra antes das vacacións de verán.

Diplomas “Leóns Dourados”:

Elaboramos os Diplomas para os “Leóns Dourados”, que se entregan a aqueles alumnos/as que se distinguiron pola súa participación lectora na B. E. Entregamos un por curso.

Nun acto ao final de curso entretolleres un obsequio como premio aos máis lectores da B. E., xunto co diploma.

Cartel mosaico de Rosalía:

En colaboración co equipo de EDLG, elaboración de dous carteis en gran formato do clásico retrato de Rosalía, retocado mediante técnicas de coloreado e coa inclusión dun fondo mariño para, posteriormente, convertelo nun gran mosaico onde se atopan miles de pequenos retratos do alumnado, persoal docente e non docente e tamén exprofesorado.

- INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULUM E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Realizáronse préstamos ás aulas de documentos relacionados con temas do currículo.

Utilizouse a B.E. para facer as buscas de información que necesitou o alumnado en temas vinculados ao currículo e de cara a desenvolver as súas competencias lectoras, escritoras e das TIC.

9.3.- FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN DOCUMENTAL

Realizáronse visitas guiadas á B.E. do alumnado (especialmente dos primeiros niveis) acompañados dos seus titores/as para que coñezan ou lembren o espazo físico, a organización dos documentos, e os servizos que ofrece.

Utilizouse asimismo a B.E. para realizar buscas de información e investigación.

9.4.- FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO

Continuamos co “Proxecto de Lectura Silenciosa Sostida” e colaboramos e coordinamos a elaboración do Plan Anual de Lectura.

(Ver Memoria do Plan Anual de Lectura)

10.- MEMORIA DA COMISIÓN TIC.

10.1.- Obxectivos propostos na PXA:

OS OBXECTIVOS PROPOSTOS NA PXA ACADADOS NESTE CURSO SON OS SEGUINTEs:

* Actualización do plan TIC.

- * Revisión e actualización dos equipos informáticos por parte dunha empresa de mantemento.
- * Publicación de artigos das actividades relacionadas coa vida escolar na Web e nos blogues de aula/especialidade.
- * Dentro do plan Director, a través dunha charla a cargo da Policía Municipal, traballouse o problema do Bulling a través das redes sociais.
- * O alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria participou no Proxecto de Libro Dixital EDIXGAL empregando o equipamento Abalar e a plataforma de contidos dixitais da Consellería de Educación.

Ademais:

* Publicáronse na Web as diferentes actividades que se realizaron a través das distintas comisións:

- Gravación dun LIPDUB, organizado polo EDLG e coa implicación do profesorado, alumnado, persoal non docente e monitores de comedor, homenaxeando a Carlos Casares a quen se adicou este ano o día das Letras Galegas. Tamén na elaboración dun Libro Dixital para dar a coñecer os traballos do Día da Ciencia en galego. Elaboración dun cartel mosaico de Rosalía coas fotos de toda o alumnado, profesorado e persoal non docente. Edición especial Carlos Casares, revista dixital que recolle os traballos realizados ao longo do curso das diferentes comisións.
- Publicación na Web das actividades do equipo de EACE, do Horto e da Biblioteca.
- Utilización da Pantalla Dixital para a búsqueda de música a través de Internet e o uso de Karaoke por parte do equipo de teatro.

* As tres aulas de 3º de Primaria estiveron a traballar con Glifing, aplicación que se centra na habilidade lectora, tendo en conta a exactitude e a velocidade na lectura de fonemas, palabras e textos. Traballouse a nivel individual, grupal e tamén familiar. Esta aplicación foi costeadada por Axuda en Acción.

* O alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria utilizou o método Smartick para o reforzo das matemáticas, gracias ao convenio de colaboración de Axuda en Acción.

* O alumnado de 5º de Primaria participou en sesións de formación de programación coa aplicación Scratch dentro do marco do proxecto GEN10S, en colaboración con Google.org e gracias ao patrocinio de Axuda en Acción.

* Continuouse co Proxecto Intercultural co International School of Louisiana (EEUU).

* Publicáronse na web as distintas actividades do proxecto “Meu amigo maior” levadas a cabo polo alumnado de 6º de Educación Primaria A e 6º de Educación Infantil

* O alumnado de 3 anos do grupo B deu comezo ao proxecto “El jardín de Juanita”, proposto dende o Movemento Filosofía Lúdica e o Proxecto Noria, que é divulgado a través da súa propia páxina de facebook e a través da Web do colexio.

* Na Biblioteca do colexio utilizáronse os ordenadores tanto para a procura de información como para o uso lúdico. Tamén, e a través do catálogo informatizado da Biblioteca, toda a comunidade escolar ten a súa disposición o catálogo en Internet.

OS OBXECTIVOS PROPOSTOS NA PXA QUE ESTÁN EN PROCESO SON OS SEGUINTE:

* Dinamizar a publicación de contidos de actualidade relacionados coa vida escolar do noso centro na páxina web e nos blogues de aula/especialidades.

* Analizar as necesidades de mellora do equipamento TIC do colexio:

- Mellorar ou substituír os ordenadores obsoletos: Aula PT e AL no aulario de Infantil, aula de Inglés de 4º-5º-6º de Educación Primaria.

- Manter limpos de arquivos e documentos os ordenadores das dúas salas de profesorado e concienciar a todo o profesorado do emprego de Google Drive e Dropbox para o envío e almacenamento de arquivos, así como uso de memorias externas que non saturen as memorias dos PC.

OS OBXECTIVOS PROPOSTOS NA PXA QUE QUEDARON PENDENTES NESTE CURSO SON OS SEGUINTE:

* Traballar a través de reunións coas familias sobre as ferramentas de control parental, a navegación segura por Internet e o bo uso das redes soais.

* A designación de un responsable de cada comisión encargado de reunir o material significativo de ser publicado na web.

10.2.- PROPOSTAS DE MELLORA:

* Instalación do sistema operativo LINUX en todos os ordenadores do colexio para evitar problemas de virus e rendibilizar equipos antigos.

* Dar máis visibilidade na Web ao traballo persoal e grupal do alumnado.

* Reposición de equipos informáticos nas aulas con cargo ao orzamento do colexio.

11.- MEMORIA EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES (EACE).

Durante o presente curso este equipo desenrolou as seguintes actividades:

Festa de benvida para todo o alumnado de E. Primaria. Fixemos un cartel no edificio de Primaria e unha pequena festa con xogos e tres talleres, de papiroflexia, trenzado e marcapáxinas.

En colaboración co Equipo de Dinamización Lingüística organizamos o **Magosto** coa degustación de produtos típicos destas datas. A **recollida de receitas** con produtos que temos no noso horto escolar (Tivemos unha pequena exposición de produtos do horto, feita pola Comisión do horto escolar)

Tamén colaboramos na organización do **Día da Ciencia en Galego** e na conmemoración do Día das Letras Galegas coa elaboración dun fermoso mural alusivo a unha peza de teatro de Carlos Casares.

Colaboramos tamén no proceso de elaboración do vídeo Carlos Casares en busca das Letras e na Revista Dixital Edición Especial Carlos Casares.

En colaboración coa Comisión do Horto Escolar tamén axudamos á celebración por primeira vez neste colexio dos **Maios** coa elaboración dun maio e as tradicionais coplas alusivas a esta festa e unhas fermosas danzas.

Esta Comisión organizou o 25 de novembro unha pequena representación con carteis alusivos o **“Día Internacional contra a violencia de xénero”** feita polos nenos de 6º A .Fixemos tamén un gran lazo branco con pequenos lazos que fixeron os alumnos varóns do colexio e unha exposición de ideas e traballos para poder facer en cada aula, dende E Infantil ata 6º de E. Primaria.

O 30 de xaneiro organizamos **“O Día da Paz”**. Traballamos unha poesía de Antonio Teifeiro titulada “Construír a paz” e cantamos todos xuntos a canción de Mamá Cabra “Baile da Paz”

No **Entroido**, este curso como temos unha nova asignatura que é a danza eliximos como tema:

- Educación Infantil foi de chotis madrileño.
- 1º Ciclo de flamenco de Andalucía.
- 2º Ciclo de sardana de Cataluña.
- 3º Ciclo de muiñeira de Galicia facendo todos unha pequena exhibición destes bailes.

Tamén fixemos o **Rastrillo Solidario** coa colaboración de todo o colexio.

Colaboración coa aula específica na conmemoración do Día Mundial do Autismo coa elaboración do Mural e organización das visitas do alumnado a dita aula

Colaboramos coa Comisión de Teatro en todo aquilo que nos demandaron e tamén cos outros dous grupos, Bubelas e Bubeliñas.

Coa Comisión de Biblioteca colaboramos na conmemoración do **aniversario de Gloria Fuertes** e un grupo de alumnos de 6º fixo unha lectura dramatizada de obras desta autora para o alumnado de 1º e 2º nivel.

Esta Comisión intentou colaborar con todas as Comisións e Departamentos do Colexio en todo aquilo que nos demandaron.

11.1.- MEMORIA DAS ACTIVIDADES DE INGLÉS

Durante o presente curso 2016-2017, o departamento de inglés desenvolveu as seguintes actividades complementarias:

1.- Celebracións tradicionais anglosaxoas:

- Halloween (31 outubro):
- Exposición de cabazas e mural alusivo
- Christmas (Nadal - decembro):
 - Participación no festival de Nadal coa canción “Happy Xmas”
 - Elaboración de postais de Nadal (Xmas cards)
- Easter (Pascua – abril):
 - Easter egg hunt: búsqueda dos ovos de Pascua polo patio
 - Easter bonnet parade: desfile de gorros de Pascua

2.- Charlas e obradoiros de relatores angloparlantes:

Ao longo do curso contamos coa presenza de varios relatores/as anglosaxóns, que desenvolveron as seguintes charlas e/ou obradoiros dirixidos aos alumnos/as de 5º e 6º de Primaria co obxecto de mellorar a súa competencia oral:

- Sing along with BlueSmoke! (13 setembro 2016): concerto musical a cargo do grupo “Blue Smoke” e de Brenda Handford (profesora inglesa)
- Illusionism with... Joshua Kenneth (6 outubro 2016): espectáculo de maxia a cargo de Joshua Kenneth (mago bilingüe)
- Ireland in my heart (10 novembro): charla sobre a cultura irlandesa a cargo de Ingrid Clancy (profesora irlandesa)
- Bits of British (8 febreiro 2017): relatorio sobre os estereotipos mais comúns sobre os británicos, por Susana García (profesora inglesa)
- St. Patrick’s Day (17 marzo 2017): obradoiro sobre o Día de Irlanda, con lendas, cancións, concursos e premios, desenvolvido por Declan Mathews (profesor irlandés)
- George and the dragon (World Book Day – St. George’s day) (24 abril 2017): contacontos sobre o Día do Libro e o Día de San Xurxo, patrón de Inglaterra, a cargo de Susana Zas (profesora da EOI de A Coruña)

- A day in Ireland (12 e 15 maio 2017): visita de 3 mestres do colexio Carlow Educate Together Primary School, que nos explicaron como é a vida no seu centro

3.- Teatro:

O 12 de decembro de 2016 asistimos no propio centro ás seguintes representacións teatrais en inglés a cargo da compañía madrileña Face2Face, subvencionadas pola ANPA e o colexio:

- “Jungle Fever”: 6º Ed. Infantil e 2º de Primaria (2 representacións)
- “Cinderella”: 4º e 6º de Primaria (2 representacións)

4.- Outras actividades:

- Reading Club (cada trimestre): lectura de 3 títulos, 1 por trimestre, adaptados aos diferentes niveis (4º - 5º - 6º de Primaria)

- Penpals (ao longo do curso): intercambio de cartas con alumnos/as do colexio St. James´ Church of England Primary School de Manchester (Inglaterra) e do colexio Carlow Educate Together de Carlow (Irlanda)

- Xmas Jumper Day (16 decembro 2017): día do xersei de nadal, como concienciación de axuda aos necesitados e en colaboración coa ONG Save the Children

- Phrase and game of the month: aprendizaxe dun xogo tradicional e dun dito popular británico por mes, destacando Egg Race (febreiro), Scavenger hunt (maio), Pass the parcel (decembro), ...

11.2.- MEMORIA DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Como en cursos anteriores, o alumnado do noso colexio participou nunha serie de actividades extraescolares: algunhas tiveron lugar fora do centro e outras leváronse a cabo nas instalacións do Colexio.

A maioría das actividades nas que participamos forman parte do programa “Coruña Educa” que oferta o Concello da Coruña. Participamos nos seguintes programas:

-Concertos Didácticos (programa que oferta a O..Sinfónica de Galicia): Participaron

4º,5º e 6º de Primaria así como EI6 e EI5. A obra elixida para 1º,2º e 3º foi eliminada da programación e non ofertaron outra obra alternativa, polo que estes cursos non puideron participar nesta actividade.

-Programa de Teatro “Todo Público (levase a cabo no Forum Metropolitano): Participaron varios cursos de Educación Primaria.

-Programa “Rutas Urbanas”. Participou o alumnado do 1º e 2º nivel que visitaron o Xardín de San Carlos e a Praza de María Pita. O alumnado de Educación Infantil tamén participou nesta actividade. Visitaron o Parque de Santa Margarida (EI4), a Praza de María Pita (EI5) e os Xardíns de Méndez Núñez (EI6) Nestes lugares emblemáticos da cidade realizaron actividades cos monitores postos polo Concello.

-Programa de Medio Ambiente:O alumnado de 6º nivel visita a Planta de tratamento de Residuos urbanos de Nostian (previamente fixeron obradoiros nas aulas)

-Programa “Visitas” (visitas a instalacións culturais, empresariais ...da cidade. Participa alumnado de Primaria (1º nivel: Fábrica de Bonilla, 2º nivel: Bombeiros, 3º nivel: M. de Belas Artes, 4º nivel: M.A.C.)

O alumnado de 2º de Primaria visitou a Biblioteca Municipal dos Rosais.

Tamén dentro dos Programas Educativos do Concello participamos (tanto Infantil como Primaria) en Educasaúde. A valoración que fixo o profesorado deste programa non foi moi positiva (demasiadas sesións, ademais trataban temas curriculares que déranse nas titorías) Este programa ía dirixido tamén ás familias: a participación nas charlas que tiveron lugar foi moi escasa.

Ademais dos Programas Municipais, participamos noutras actividades:

-O alumnado de 6º nivel visitou o Muncyt (participan nunha actividade organizada polo Museo e a empresa Repsol) Tamén asistiron a representación da obra “As laranxas ...” de Carlos Casares que tivo lugar na Fundación Barrie.

-Os tres grupos de 6º tamén acudiron ao IES Salvador de Madariaga, para ver a exposición de libros de “O Principiño”.

-Este ano tamén tivemos o “Plan Director para a Convivencia” impartido pola Policía Nacional, para o alumnado de 5º e 6º nivel.

-O alumnado de 3º a 6º de Primaria participou nas actividades que ofertou o Centro Coreográfico Galego para estes cursos (Obradoiros, faladoiros...)

-O alumnado de 1º e 2º asistiu á charla “Un can, un amigo”, sobre a tenencia responsable de animais nos fogares. Esta charla foi impartida por unha monitora da granxa de Xanceda. Os nenos e nenas de 1º asistiron a unha charla

sobre “as abellas e o mel”, na que aprenderon como se elaboraba dito produto (O doce mundo do mel).

-O alumnado de 4ºC fixo unha visita as cocheiras da Compañía de Tranvías.

-O tres grupos do 3º nivel visitaron as Fragas do Eume (para estes grupos foi a saída de fin de curso).

Dentro da colaboración que mantén o colexio coa O.N.G. ANCAS , leváronse a cabo unha serie de activarades (participación no concurso para o calendario do ano 17, con charlas previas, así como o Obradoiro de Bicis, para o alumnado de 1º e 2º nivel)

Ao longo do curso todo o alumnado participou en múltiples actividades levadas a cabo polo profesorado de Inglés (Teatro...), Relixión, E. Física., Titorías. Danzarte, Xadrez .así como dentro do Plan Lector (Moitos escritores e ilustradores mantiveron contacto na Biblioteca cos noso alumnado)

O colexio participou de novo no Concurso de Teatro “Candilexas/Don Bosco” Todo o alumnado de E. Primaria desprazouse ao Centro Calvo Sotelo para ver esta representación teatral . O grupo “Bubelas e Bubeliñas “ (con alumnado de Infantil e Primaria) levou a cabo varias representacións.

Como todos os anos realizamos saídas de fin de Curso: Granxa de Beelle (EI4 e EP4º), Casa do Queixo(EI5), Aldea Nova (EI6), Granxa O Ventoso (EP1º/2º), Fragas do Eume (EP3º) O alumnado de 6º realizou a excursión de Fin de Primaria ao Parque Natural das Fragas do Eume (Albergue de Alvarella).

11.3.- MEMORIA DO HORTO ESCOLAR

A comisión do horto escolar considera que se cumpriron satisfactoriamente os principais obxectivos que se pretendían lograr durante o presente curso escolar

Cabe destacar este curso o proxecto de Educación Infantil “El jardín de Juanita”, proposto dende o Movemento Filosofía Lúdica e o Proxecto Noria (curriculum de filosofía para nenos e nenas), consiste en traer ao mundo real un xardín inspirado no do conto “La mariquita Juanita” (Angélica Sátiro, ed. Octaedro, 2004) que é o hábitat onde nace o personaxe principal (Juanita) e onde viven os seus amigos.

Dende o mes de outubro, semanalmente e de xeito continuado, realizaron micro sesións de “Xogar a Pensar” nas que dialogaban sobre os personaxes do conto, a súa maneira de ser e actuar, o entorno natural no que se atopan, as súas implicacións na vida diaria... e sempre remataban cunha reflexión que leva a unha actuación sobre o xardín.

O feito de que a parcela estea lonxe do aulario, levou a debuxar o itinerario do camiño que o alumnado recorría tódolos venres para poder coñecer ese espazo natural que no vindeiro curso seguirán a manter e mellorar.

Ademais da divulgación de todo o proceso durante o curso en facebook, teremos a oportunidade de dar visibilidade ao noso labor coa participación dun póster para un stand na XVIII INTERNACIONAL CONFERENCE OF ICPIIC que se vai a realizar na Universidade Autónoma de Madrid do 28 de xuño ao 1 de xullo. Tamén no ENCUENTRO NORIA e no 9º CICI (Congreso Internacional de Creatividade e Innovación Social) en México durante o mes de Xullo.

A resposta do alumnado foi moi satisfactoria e a motivación está garantizada pero o maior problema é o número de alumnos que impide que realicen tódalas sesións que nos gustaría para un mellor aproveitamento didáctico.

As zonas de cultivo exteriores da etapa de primaria foron reducidas para poder manter e coidar o invernadoiro que é onde se produce a maior parte dos cultivos durante o curso escolar .

Hai que destacar as numerosas actividades que se fixeron na Aula da Natureza habilitada este curso para poder facer os semilleiros e gardar as sementes e plantas para logo transplantar á horta.

Percibimos que pouco a pouco os alumnos aprenden como se cultivan as diferentes verduras e hortalizas ademais das diferentes plantas ornamentais. Continuamos coas plantacións no xardín botánico que se está intentando conseguir.

Consideramos que mellorou o respecto as zonas recuperadas do patio e o alumnado repetou e coidou nas horas de recreo as parcelas de E.I. e de 1º, 2º e 3º de primaria.

O labirinto xa se converteu nunha zona preferida de xogo no tempo de lecer e polo tanto tentamos amplialo o máximo posible. Este ano ampliouse un pouco máis e estase a facer xanelas e diferentes elementos que motivan para escenificar os diferentes xogos.

Seguindo o calendario de cultivos do horto e atendendo as características de cada planta, priorizamos a variedade de cultivos e aínda que a colleita non fose abundosa.

Os cultivos recollidos foron repartidos por aulas para sortear, compartindo segundo os criterios establecidos polos alumnos de 6º.

O alumnado leva os produtos para a súa casa co compromiso de consumilos, co que pretendemos promover hábitos saudables e valoración dos produtos ecolóxicos.

As actividades realizadas ao longo do curso foron numerosas:

-Preparación da terra: debrozar, arar, abonar...

-Plantacións de: nabos, repolos, allos, cabazas, millo, patacas, cebolas, escarolas, leitugas, fabas, xudías, chícharos, tomates, pementos, sandías e calabacíns...

-Limpeza, coidado, conservación e ampliación do labirinto cunha gran implicación por parte do alumnado.

-Plantacións de bulbos e plantas ornamentais en distintas zonas do patio.

-Coidado e plantacións no pequeno "viveiro" para conseguir novas plantas.

Todas estas actividades desenvolvéronse contando coa participación dos titores/as e as coordinadoras de cada ciclo.

Temos que destacar o interese que manifesta o alumnado por este tipo de actividades que na maioría dos casos serven como fío condutor para introducir os diferentes contidos do currículo.

11.4.- MEMORIA DA COMISIÓN DE TEATRO

No curso 2016-2017 a comisión de teatro fixo oito reunións ordinarias e unha extraordinaria.

As reunións adoptaron dúas formas :

REUNIÓN DE DELIBERACIÓN E TOMA DE DECISIONS: participación do equipo de teatro interaulas no Certame Candilejas -Don Bosco e teatro Colón / niveles e nº de alumnos participantes / solicitude de ampliación de presuposto a Axuda en Acción ...

REUNIÓN DE REPARTO DE TAREFAS:

- organización do almacén de teatro

- compra de material

- recompilación, compra e creación de atrezzo

- servizo e creación de material, vestiario, atrezzo e cartelería para as obras que o solicitaron.

Ademais destas funcións, a comisión colaborou co Proxecto de teatro Interaulas, realizando as seguintes tarefas:

- adaptación de vestiario

- revisión de textos

- elección de música e montaxe de coreografías

- ensaio cos actores : memorización e preparación de papeis.
- asistencia ao equipo nos ensaios finais .
- maquillaxe e vestido dos actores/actrices do programa
- tutelaxe dos actores e actrices durante as funcións.

En moitas destas tarefas colaborou tamén profesorado que non estaba adscrito a esta comisión.

As obras de teatro que se puxeron en escena este curso foron:

“A mellor sopa do mundo “ (Infantil)

“Un Nadal solidario” (grupo Bubelas).

“Se as avoas mandaran” (grupos Bubelas e Bubeliñas).

“Trasnos e zapateiros” (Grupo de Teatro Interaulas). Esta obra presentouse ao “XX Certame de teatro escolar e afeccionado Candilejas – Don Bosco.”

“ O can Rin e o lobo Crispín“ obra de Carlos Casares que se representou en formato Kamishibai.

12.- MEMORIA DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

12.1.- TRANSPORTE ESCOLAR

Durante este curso utilizaron o servizo de transporte escolar da Consellería de Cultura, Educación e O. U. un total de 18 alumnos/as residentes no Portiño.

O servizo de transporte correspondeu ao igual que en cursos anteriores á empresa Autocares Lista, S. L.

Os días 20 e 21 de xuño de 2017 a folga convocada polo sector de transporte de viaxeiros por estrada afectou parcialmente ao transporte escolar, de xeito que o día 21 non funcionou, motivo polo cal o alumnado de O Portiño non asistiu ao centro.

12.2.- SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR, PROGRAMA DE MADRUGADORES E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

12.2.1.- COMEDOR

Este curso funcionou o comedor escolar no horario habitual de Comedor (de 14:00 A 16:00) e o Programa Madrugadores (de 7:30 a 9,00, con entrada de 7:30 a 8:30, con ou sen almorzo).

A organización e administración do Comedor Escolar e de Madrugadores foi por conta do ANPA Milnen@s, por concerto coa empresa JARDANAY S.L..

O Servizo Municipal de Educación adxudicou á empresa Jardanay S.L. a xestión de Madrugadores

por un prazo de catro anos.

O colexio facilita o funcionamento deste servizo poñendo a súa disposición o comedor sito no novo edificio/aulario de infantil. A atención ao alumnado no horario de comedor é por conta do ANPA Milnen@s e da empresa coa que contrata o servizo.

A persoa responsable no centro por parte da empresa JARDANAY é Adriana, tanto para comedor como para madrugadores. Por parte do ANPA, a responsable é Sara Caínzos Cuenca.

COMEDOR (datos con fecha de efectos 23/06/2017)

Total: 280 nenos/as inscritos.

- Por modalidade de asistencia:

TOTAL (Infantil + Primaria)

ESPORÁDICOS	FIXOS	DISCONTINUOS OU QUENDA LABORAL
25	180	74

	COMEDOR	Total usuarios por día				
	Total usuarios por ciclo	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
<i>EI4º</i>	32	26	25	28	25	25
<i>EI5º</i>	31	24	27	25	26	23
<i>EI6º</i>	34	26	27	27	26	25
<i>EP1º</i>	44	42	41	41	40	39
<i>EP2º</i>	30	23	27	25	25	25
<i>EP3º</i>	27	22	20	21	23	22
<i>EP4º</i>	37	30	31	32	30	31
<i>EP5º</i>	25	18	17	19	18	18
<i>EP6º</i>	20	13	13	13	12	13
Total	280	224	228	231	225	221

MADRUGADORES (a data 23/06/17)

Total: 89 nenos/as inscritos.

- Por modalidade de asistencia:

TOTAL (Infantil + Primaria)

ESPORÁDICOS	FIXOS	DISCONTINUOS ou QUENDA LABORAL
13	59	17

	MADRUGAD.	Total usuarios por día				
	Total usuarios por ciclo	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
<i>E14º</i>	10	10	9	9	9	9
<i>E15º</i>	7	4	4	4	5	5
<i>E16º</i>	2	1	1	1	1	1
<i>EP1º</i>	13	8	11	7	10	9
<i>EP2º</i>	15	12	12	12	12	12
<i>EP3º</i>	11	9	10	9	10	9
<i>EP4º</i>	11	10	11	10	11	10
<i>EP5º</i>	10	7	7	7	7	7
<i>EP6º</i>	10	7	7	7	7	7
Total	89	68	72	66	72	69

1.12.2.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

O cadro de actividades organizadas para o presente curso é o seguinte:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16:00	Teatro Judo Fútbol Pandereta Esgrima Aula estudo Xadrez Patinaxe (g. Luns)	Ximnasia Exprésate Balonmán Baloncesto Loita Aula estudo Pintura	Teatro Judo Fútbol Esgrima Baile galego Patinaxe Aula estudo Xadrez	Ximnasia Divermates Fútbol Loita Aula estudo Pintura	Robótica Music&Play Balonmán Baloncesto Capoeira Patinaxe Aula estudo Music & Play (POE)
17:00	Judo Fútbol Sonorama Piscina	Baloncesto Ximnasia Baile Moderno	Judo Patinaxe Fútbol Sonorama	Ximnasia Baile Moderno Fútbol	Baloncesto Capoeira Patinaxe Music & Play (POE)

A responsable de actividades do Anpa é Ana María Vázquez Fernández. Este curso 2016/17 ofértanse as seguintes actividades extraescolares:

Creatividade:

- Teatro.
- Esgrima Histórica (Nova)
- Baile Galego (Nova)
- Sonorama (Nova)
- Pandereta en idade Primaria (Nova)
- Robótica en idade Primaria (Nova)
- Music & play (actividade do concello)
- Pintura (nova)

Deportes:

- Judo
- Loita (Nova)
- Capoeira (Nova)
- Baile moderno
- Xadrez (nova)
- Patinaxe
- Baloncesto.
- Fútbol Sala.
- Ximnasia Rítmica.
- Balonmán
- Campaña Natación Escolar (actividade do concello)

As actividades de Judo, Patinaxe e Ximnasia desdobláronse en dous horarios, separando aos alumnos de Infantil e de Primaria.

Diversas actividades non acadaron o número de usuarios mínimo preciso para poñelas en marcha.

As actividades “culturais” están contratadas coa empresa de Tempo Libre AXIÑA, con Son d’aquí, con Academia de la Espada e con monitores/as especializados. Desenvolven a súa programación en horario de 4 a 6 da tarde, de luns a venres.

A distribución de horarios e de nenos/as por actividades “culturais” é a seguinte (no mes de xuño):

- Teatro: 9 participantes
- Aula de estudio: 23 participantes
- Esgrima Histórica (Nova): 11 participantes
- Baile Galego (Nova): 9 participantes
- Baile moderno: 13 participantes
- Sonorama (Nova): 6 participantes
- Pandereta en idade Primaria (Nova): 12 participantes
- Robótica en idade Primaria (Nova): 15 participantes
- Music & play (actividade do concello): 13 participantes

As actividades deportivas teñen a seguinte distribución (indicando a entidade que colabora coa ANPA na realización das mesmas):

- Fútbol Sala e Baloncesto, por conta do Clube Deportivo Los Rosales.
- Judo e Baile moderno, por conta da empresa de ocio e tempo libre AXIÑA.
- Ximnasia rítmica, por conta do Clube de Ximnasia Tempo.
- Balonmán, por conta dun monitor colaborador.

- Capoeira por conta dun clube federado.
- Loita por conta dun clube federado.
- Xadrez, por monitores da Asociación Galega de Xadrecistas

A distribucións por participantes é a seguinte:

- Judo: 47 participantes
- Loita (Nova): 9 participantes
- Capoeira (Nova): 13 participantes
- Patinaxe: 36 participantes
- Baloncesto: 79 participantes
- Fútbol Sala: 52 participantes
- Ximnasia Rítmica: 27 participantes
- Balonmán: 11 participantes
- Campaña Natación Escolar (actividade do concello): 17 participantes

Nas actividades que coordina o Anpa hai máis de 300 nenos e nenas participando nas distintas actividades (algúns en máis dunha actividade o que da un total de 460 inscricións). Estas actividades desenvólvense en distintos espazos do colexio azul, no aula de informática do colexio de Primaria e no pavillón de deportes.

12.2.2.1.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO.

Na CAMPAÑA DE NATACIÓN ESCOLAR, dependente do Concello de A Coruña, inscribíronse un total de 17 nenos/as de 3º e 4º de primaria. Iniciouse na primeira semana de outubro. Os nenos/as desprázanse en autobús á piscina de Riazor, os luns de 16:30 a 18:10, e nos primeiros días valoran o nivel de cada neno/a para establecer os grupos necesarios e o número de monitores.

12.2.2.2.- ACTIVIDADES ADICIONAIS DO CURSO 2016-2017

Ao longo deste curso 2016/2017 desenvolveranse previsiblemente e en función da demanda outras actividades complementarias ou extraescolares:

- Posta en marcha do Programa de Inmersión Lingüística para 1º e 2º CICLO de Primaria ao abeiro do Convenio con AXUDA EN ACCIÓN, que foi suspendido pola Consellería cando levaba dúas semanas en funcionamento.
- III Campamento de Verán (no anterior campamento a participación superou os 60 nenos, todos do CEIP, agás 3 alumnos/as) que finalmente se completou co Campacole organizado por Fedapas e o concello da Coruña. A realización dun II campamento no Nadal completou os

campamentos previstos para este curso.

- Festa do Magosto e Festa do Entroido.
- Festa de Fin de Curso.
- Outras actividades en coordinación coa dirección do centro.

12.2.2.3.- ELECCIÓN ANPA 2017

No mes de abril celebráronse eleccións para a directiva do Anpa. Neste momento e ata o vindeiro mes de abril do 2019 somos 9 persoas as que formamos parte, 6 que xa pertencían ó equipo anterior e producíronse 3 novas incorporacións:

- Isaac González Gutiérrez: responsable de Patrocinio-Barrio.
- Juan José Villar Freire: responsable de TIC.
- Catuxa Oviedo Pérez: responsable de AAEE, que ocupa o lugar de Ana María Vázquez Fernández pasando a ser esta a Secretaria.

13. SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS

13.1. ACTUACIÓNS REALIZADAS POLO CONCELLO

Realizáronse case todas as solicitadas desde o centro, agás a reparación das pistas deportivas exteriores situadas ao carón do paseo marítimo

Segue a estar pendente de completar a reparación e a eliminación das aristas e das fendas no material vitrificado do edificio de educación primaria por ter causados numerosos incidentes entre os usuarios do centro en cursos anteriores.

Tamén están pendentes as rehabilitacións dos aseos do alumnado do 2º e 3º andares e patio cuberto de primaria (comprometidos en cursos anteriores por outras corporacións municipais).

O compromiso de renovar a cuberta do edificio de educación primaria foise aprazando desde a data prevista (1º trimestre do actual curso) ata o período estival.

13.2. ACTUACIÓNS REALIZADAS POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O. U.

Relación de equipamento e mobiliario recibido:

Artigo	Unidades
Armario vitrina con portas de cristal	2
Mesa de lectura / comedor primaria	2
Mesa de profesor con sillón M-14	4
Mesa de lectura / comedor infantil	2
Tapices zona de xogo	1
Encerado branco	1
Módulo recuncho lectura informal	1
Percheiro de pé	1
Ordenador persoal con monitor	2

Quedan pendentes de solucionar as seguintes necesidades:

ZONA EXTERIOR ANTIGO EDIFICIO EDUCACIÓN INFANTIL

- Reposición do teped ou cemento na zona de xogos.

ZONA DE XOGOS DO AULARIO INFANTIL

- Substitución do actual pavimento anticaiadas por outro que non ensucie a roupa e o calzado do alumnado.
- Renovación dos elementos de xogos infantiles para evitar lesións entre o alumnado.

EN EDUCACIÓN PRIMARIA

- Reforma de servizos de profesorado e alumnado no 2º e 3º andar.
- Insonorización da aula de música e de A.L.
- Portas de saída con sistemas de apertura antipánico.
- Eliminación das fendas existentes en diversas dependencias do edificio de primaria.

PISTAS POLIDEPORTIVAS EXTERIORES

- Acondicionamento do pavimento.

Necesidades de equipamento:

- Dotación de ordenadores na aula de ERE2 Católica e Evanxélica.
- * Instalación de pantallas e videoproxectores nas aulas de PT/AL de EI.
- Renovación dos ordenadores de sobremesa das aulas de infantil e primaria.

13.3. ACTUACIÓNS REALIZADAS POLO PROPIO CENTRO.

- Instalación dun sistema de alarma e videovixilancia (pendente de activar á espera da correspondente autorización da conexión ao Rack de comunicacións por parte da Unidade de Atención a Centros).

14.- LIBROS DE TEXTO E MATERIAL COMPLEMENTARIO. (ANEXO I)

ANEXO I

LIBROS DE TEXTO E MATERIAL COMPLEMENTARIO

Código de centro: 15021627				
Enderezo: TRAVESIA DE LOS ROSALES S/N		Concello: A CORUÑA		
Correo electrónico: ceip.emilia.pardo.corunha@edu.xunta.es		Teléfono: 981-276781		
Curs o e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
1º PR.	GLOBALIZADO	APRENDER E CRECER XUNTOS 1. 1º TRIMESTRE . ANAYA	9788467847284	G
1º PR.	GLOBALIZADO	APRENDER E CRECER XUNTOS 2. 2º TRIMESTRE . ANAYA	9788467847291	G
1º PR	GLOBALIZADO	APRENDER E CRECER XUNTOS 3. 3º TRIMESTRE . ANAYA	9788467847307	G
1º PR	MATEMATICAS	MATEMATICAS 1 ANAYA	9788467865035	C
1º PR	MATEMATICAS	MATEMATICAS 1. CUADERNO 1. ANAYA	9788467867626	C
1º PR	MATEMATICAS	MATEMATICAS 1. CUADERNO 2. ANAYA	9788467867633	C
1º PR.	MATEMATICAS	MATEMATICAS 1. CUADERNO 3. ANAYA	9788467867640	C
1º PR	INGLES	TIGER 1. PUPIL´S BOOK MAC MILLAN	9781380018083	I
1º PR	CASTELLANO	LENGUA CASTELLANA1. PRIMEROS PASOS. PAUTA. SANTILLANA	9788468018577	C
1º PR.	LECTURA	MILHOJAS 1. LECTURAS. ANTOLOGÍA. ANAYA	9788467846003	C
1º PR	LECTURA	A NAVE DOS LIBROS. LECTURAS 1. SANTILLANA-OBRADOIRO	9788499720845	G
1º PR	VALORES	VALORES SOCIALES Y CÍVICOS1. CON RAZON. ANAYA	9788467836387	C
1º PR	RELIXION	RELIGIÓN CATOLICA 1. ANAYA	9788467876048	C
2º PR	GLOBALIZADO	APRENDER E CRECER XUNTOS 2. 1º TRIMESTRE. ANAYA	9788467877175	G
2º PR	GLOBALIZADO	APRENDER E CRECER XUNTOS 2. 2º TRIMESTRE. ANAYA	9788467877182	G
2º PR	GLOBALIZADO	APRENDER E CRECER XUNTOS 2. 3º TRIMESTRE. ANAYA	9788467877199	G
2º PR	MATEMATICAS	MATEMATICAS 2. ANAYA	9788467874228	C
2º PR	MATEMATICAS	MATEMATICAS 2. CUADERNO 1. ANAYA	9788467874136	C
2º PR	MATEMATICAS	MATEMATICAS 2. CUADERNO 2. ANAYA	9788467874143	C
2º PR	MATEMATICAS	MATEMATICAS 2. CUADERNO 3. ANAYA	9788467874150	C
2º PRI	MATEMATICAS	CUADERNILLOS MATCOM 2.1, 2.2, 2.3 . VICENS VIVES	9788468243665	C
2º PR	INGLES	TIGER 2. PUPIL´S BOOK. MAC MILLAN	9781380018090	I
2º PR	CASTELLANO	LENGUA CASTELLANA 2. SANTILLANA	9788468025469	C
2º PR	LECTURA	MILHOJAS 2. LECTURAS. ANTOLOGÍA. ANAYA	9788467875102	C
2º PR	LECTURA	ROLDA DE LECTURAS 2. ANAYA	9788466790192	G
2º PR	VALORES	VALORES SOCIALES Y CIVICOS 2. CON RAZÓN. ANAYA	9788467874914	C
2º PR	RELIXIÓN	RELIGIÓN CATÓLICA 2. ANAYA	9788467876062	C

CEIP EMILIA PARDO BAZAN

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
3º PR	INGLES	GREAT EXPLORERS 3 ACTIVITY BOOK. OXFORD	9780194507417	I
		SO TERÁN QUE MERCAR O ACTIVITY BOOK DE INGLES		
4º PR	MATEMAT.	MATEMATICAS 4.VICENS VIVES. (LIBRO DIVIDIDO EN TRES CADERNIÑOS)	9788468228815	C
4º PR	CIENCIAS SOCIAIS	SOCIAIS 4. VICENS VIVES	9788468228983	G
4º PR	CIENCIAS NATURAIS	NATURAIS 4. VICENS VIVES	9788468228433	G
4º PR	CASTELLANO	LENGUA 4. VICENS VIVES. (LIBRO DIVIDIDO EN TRES CADERNIÑOS)	9788468228358	C
4º PR	GALEGO	LINGUA 4. VICENS VIVES (LIBRO DIVIDIDO EN TRES CADERNIÑOS)	9788468228679	G
4º PR	INGLES	GREAT EXPLORERS 4 CLASS BOOK . OXFORD (1)	9780194507684	I
4º PR	INGLES	GREAT EXPLORERS 4 ACTIVITY BOOK. OXFORD	9780194507608	I
4º PR	VALORES	VALORES 4. VICENS VIVES.	9788468229324	C

(1) Quen teña o libro antigo de Inglés, o CLASS BOOK Explores 4, **non ten que mercar** o libro novo Great Explores 4 Class Book

CEIP EMILIA PARDO BAZAN

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
5º PR		PROGRAMA EDIXGAL		
		LIBRO DIXITAL		
6º PR		PROGRAMA EDIXGAL		
		LIBRO DIXITAL		

CEIP EMILIA PARDO BAZAN

EDUCACION INFANTIL				
3 ANOS	RELIXION	HOLA JESÚS, aprende y sonríe. EDITORIAL S.M.	9788467587265	C
3 ANOS	MATEMAT.	TIC,TIC, TAC . MATEMATICAS 1. EDITORIAL ANAYA	9788469829875	C
4 ANOS	MATEMAT.	CUADERNO MATEMÁTICAS 2. ED. ANAYA	9788467815894	C
4 ANOS	RELIXION	HOLA JESUS .aprende y sonrie EDITORIAL S.M.	9788467587272	C
4 ANOS	MATEMAT.(1)	MUCHAS MATES. CUADERNO 4 . EDITORIAL ALGAIDA	9788498775792	C
4 ANOS	MATEMAT.(1)	MUCHAS MATES. CUADERNO 5. EDITORIAL ALGAIDA	9788498775808	C
4 ANOS	MATEMAT.(1)	MUCHAS MATES. CUADERNO 6. EDITORIAL ALGAIDA	9788498775815	C
5 ANOS	MATEMAT. (2)	CUADERNO MATEMATICAS 3. EDITORIAL ANAYA	9788467815900	C
5 ANOS	ESCRITURA (2)	CUADERNO DE ESCRITURA LETRILANDIA N° 2 PAUTA MONTESSORI-ESPIRAL EDITORIAL TAMBRE-EDELVIVES	9788415165873	C
5 ANOS	ESCRITURA (2)	CUADERNO DE ESCRITURA LETRILANDIA N° 3 PAUTA MONTESSORI-ESPIRAL EDITORIAL TAMBRE-EDELVIVES	9788426371416	C
(1) SÓ PARA OS GRUPOS DE 4 ANOS A (VICKY) E 4 ANOS C (MARÍA JOSE)				
SÓ PARA OS GRUPOS DE 5 ANOS A E 5 ANOS C				

Esta Memoria Anual foi informada polo Claustro de profesorado na sesión ordinaria celebrada o día 29 de xuño de 2017 e polo Consello Escolar na súa sesión ordinaria de data 30 de xuño de 2017.

Esta Memoria Anual foi aprobada polo Director do centro con data 3 de xullo de 2017.

A Coruña, 3 de xullo de 2017

Vº e Pr,

O director,



Asdo.: José Manuel García Yanes



O secretario,



Asdo.: Antonio Castiñeira Vázquez